

cultura

O parque infantil de tráfico da Milagrosa recupera as actividades. **Páx. 2**

sociedade

Lugo entregou os galardóns aos Milagrosistas do Ano nunha gran cea. **Páx. 10**

zona rural

Os veciños de Santa Comba piden maior control da calidade do aire. **Páx. 15**

infraestruturas

A nova residencia de maiores comeza a funcionar este mes. **Páx. 20**

guntín

Ángel Pérez recibe o bastón de mando como o alcalde máis novo da provincia. **Páx. 27**

Escaseza de espazo

Os partidos políticos buscan distintas alternativas para ofertar máis prazas en distintas zonas debido ao peche do aparcadoiro da estación



Reestruturan o mercado de Frigsa

Non faltou a polémica entre os feirantes polo cambio de postos e os pagos por adiantado. **Páx. 13**

A Deputación aposta polos maiores

O Pleno acorda pedir á Xunta un plan de investimentos para a atención a estas persoas. **Páx. 21**

Tres ascensos para a próxima tempada

O Piringalla e o Santa Comba son xa de Segunda e o Milagrosa xuvenil xogará na Galega. **Páx. 28**

Axeigo



Falamos con este grupo, que retoma a súa actividade. **Páx. 4**

Jabatos Bravíos



Este colectivo organiza a súa primeira quedada moteira o 20 de xullo. **Páx. 12**

Lugokan



O club lugués de judo conta xa cunhas 150 licencias. **Páx. 29**

SERVICIOS FISCALES - SERVICIOS JURÍDICOS
CONTABILIDAD - LABORAL



FISCAL - LABORAL - CONTABLE
MATEO y SANCHEZ
asesores

CAMPAÑA RENTA 2024
¿SABES SI ESTÁS APLICANDO TODAS LAS DEDUCCIONES?

¿PAGAS MUCHOS IMPUESTOS?
CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO

Si crees que estás pagando demasiado, estudiaremos de forma personalizada tu caso y te sorprenderá lo que se puede llegar a optimizar tu factura fiscal para que así puedas centrarte en lo importante TU NEGOCIO.

Ronda da Muralla 9-10 1º B Edificio Lamas 27001 Lugo
Tel - 982 253 890 - 659 881 585 mail - administracion@mateoysanchez.es

Convocada unha nova edición da feira do libro

O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, participou na presentación do calendario das Feiras do Libro de 2024, no que colaboran a Xunta de Galicia e a Federación de Librerías de Galicia. Grazas a el, un total de 13 municipios encherán as súas rúas de libros desde finais de abril ata finais de agosto.

Baixo o título *Atopa a túa Historia*, a cita inaugural foi en Ferrol, do 19 ao 21 de abril. A Feira do Libro de Santiago de Compostela celebrárase ata o 5 de maio; no Porriño será do 9 ao 12 de maio, e en Lugo do 13 ao 17 dese mesmo mes. Xa en xuño, Ourense acollerá a súa feira do día 5 ao día 8, mentres que en

Redondela será do día 13 ao día 16. Vigo abrirá o 1 de xullo, prolongándose ata o día 7, continuando en Pontearreas do 11 ao 14 de xullo e en Rianxo do día 24 ao día 27. Finalmente, en agosto as Feiras do Libro viaxarán ata A Coruña do día 1 ao día 10, a Viveiro do día 12 ao día 15, a Foz do día 16 ao día 19 e a Monforte de Lemos do día 21 ao 24 de agosto.

Este ano, a colaboración entre entidades posibilita a realización dun proxecto de formación continua para as librerías asociadas, con cursos que afondarán en temas tan importantes como a Intelixencia Artificial dentro do sector.

O parque infantil de tráfico da Milagrosa recupera as actividades

O tenente Alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, e a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, visitaron, xunto co xefe provincial da DXT en Lugo, Alberto Rodríguez Fernández e persoal da DXT en Lugo, as instalacións do parque infantil de tráfico situado na Milagrosa. Maite Ferreiro afirmou que están a traballar da man da DXT para "achegar formación en seguridade viaria ás nenas e nenos de Lugo, utilizando para este fin as instalacións do PIT".

O Goberno de Lugo difundirá as actividades que se organicen nestas instalacións e facilitará a o uso das instalacións ao persoal da DXT para realizar as mesmas. "Con esta inicia-



tiva buscamos recuperar o funcionamento do PIT traballando na formación das nenas e nenos, obxectivo principal desta instalación", afirmou Maite Ferreiro.

A Tenencia de Alcaldía e a DXT traba-

llarán para "achegar coñecemento e boas prácticas sobre seguridade vial a todas as nenas e nenos do Concello de Lugo, a través de colaboracións que se farán chegar tamén aos centros de ensino".

Héctor Salvador, recoñecido pola Sociedade Xeográfica Española

O lucense Héctor Salvador Fouz acaba de ser recoñecido pola Sociedade Xeográfica Española co Premio Viaxeiro do Ano 2023. En abril do 2021 o nome deste enxeñeiro aeronáutico e piloto de submarinos saltaba aos medios ao converterse no primeiro español en baixar á Fosa das Marianas, viaxe coa que logra o galardón.

As crónicas precisaban que chegara aos 10.706 metros de profundidade do abismo da Sirena, dentro dun somerxible do tamaño dun Mini. Unha vez alí, dedicouse á contemplación a través do ollo de boi de criaturas descoñecidas que tiñan a súa mesma estatura e comeuse un bocadillo de xamón.

Nado en Lugo no 1983, Salvador é un experimentado piloto de somerxibles tripulados e director de operacións de Tritón Submarines, a empre-



sa que construíu o batiscafo que fixo posible a fazaña. Estudou Enxeñería Aeronáutica en España e Enxeñería de Sistemas Espaciais en Holanda. Tras anos apoiando a educación espacial, a investigación en microgravidade e a cooperación internacional en LEEM, a Axencia Espacial Europea ou a Federación Astronáutica Internacional, decidiu cambiar o foco da súa paixón da exploración do espazo

exterior ao interior.

Deste xeito, fíxose instrutor de mergullo e piloto de somerxibles no 2012. Esa experiencia permitiulle denunciar que no mar hai "auténticas entulleiras que afectan á vida mariña". Héctor Salvador é Académico Correspondente da Real Academia da Mar, fundada en 2005 e cuxo obxectivo primordial é defender os intereses marítimos de España.

Abre o prazo para o concurso que escolle o cartel do San Froilán

Ponse en marcha en Lugo unha nova edición do concurso de deseño gráfico co que se escollerá cartaz para o San Froilán e o San Froilán Miúdo 2023. Maite Ferreiro explicou que "as persoas participantes poderán presentar cantas obras desexen, sempre que sexan orixinais".

Os interesados poden presentar os seus traballos ata o 19 de xuño en formato dixital JPG, cunhas dimensións de 50x70 centímetros e con 72ppp de resolución, en soporte cd ou lapis de memoria. Ademais, poderanse enviar tamén por enderezo electrónico a cultura@lugo.gal, indicando no asunto Cartel San

Froilán 2024.

Os traballos serán presentados de forma anónima, con lema, acompañando un sobre co mesmo lema no exterior, e dentro os datos persoais do participante. Se presentan o cartel dixitalmente, estes datos deberán presentarse nun documento aparte. Un xurado cualificado será o encargado de escoller a obra que represente esta festa, que será premiada cun importe de 2.000 euros.

A concelleira Maite Ferreiro animou ás deseñadoras e deseñadores lucenses "a demostrar a gran calidade dos seus traballos e ser a imaxe do evento cultural máis grande de Lugo".




**Sorteamos!!!!
Portátil Lenovo**
entre los matriculados

Medinformática
NUEVA DIRECCIÓN
C/ RUA SANTIAGO I, BAJO C
(FRENTE AL COLEGIO) - 27002 LUGO
T. 982 254 813 - 982 241 601
www.medinformatica.es

DEL 20 DE MAYO AL 3 DE JUNIO

CURSO INTENSIVO DE ABAU

Antigua Selectividad



jmrivas.es
Aula Virtual

- ATENCIÓN PERSONALIZADA. MATERIAL DIDÁCTICO PROPIO
- PREPARACIÓN DE TODAS LAS MATERIAS COMUNES
- PREPARACIÓN DE TODAS LAS MATERIAS ESPECÍFICAS
- ACCESO ON-LINE DESDE TU CASA A TODO EL MATERIAL EN NUESTRA AULA VIRTUAL
- ATENCIÓN INDIVIDUAL PERSONALIZADA
- NOS ADAPTAMOS A TU RITMO

PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA



jmrivas.es

C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22

Investigadores da USC analizarán varias obras do Museo de Lugo

O Museo Provincial de Lugo acollerá os vindeiros 21 e 23 de maio o curso *Tempo de Arte. Obras de Museo*, organizado polo Grupo de Investigación Iacobus da USC, en colaboración co Museo Provincial e a Vicepresidencia da Deputación de Lugo. A iniciativa, coordinada polas investigadoras e profesoras de Historia Miriam Elena Cortés e Patricia Cupeiro e pola directora do Museo Aurelia Balseiro, inclúe un programa de conferencias nas que as investigadoras e investigadores do grupo analizarán varias obras do Museo Provincial de Lugo.

As pezas seleccionadas reflicten a diversidade de intereses, campos de traballo e liñas de investigación que abarca o Grupo Iacobus e abranguen diferentes períodos históricos, estilos e artistas. Destaca a conferencia inaugural de José Manuel García Iglesias sobre Francisco Asorey, homenaxeado este ano pola Real Academia de BB. AA. A institución adicoulle o Día das Artes Galegas que tivo lugar o pasado 1 de abril, na que falará sobre a obra "Cristo Redentor", entre outras pezas máis coñecidas.

Outro dos relatorios será o de Mónica Rey, que falará sobre a obra "Retrato de Rosa Piño", de Julia Mingüillón, unha das últimas incorporacións do Museo Provincial e Lugo. O programa inclúe tamén visitas ás pezas tratadas nas conferencias, co acompañamento das persoas relatoras, que terán lugar cada xornada ás 17.20 horas.

A deputada de Cultura Iria Castro e a directora do Museo Provincial de Lugo Aurelia Balseiro agradeceron a iniciativa do grupo investigador, que contribúe a poñer en valor as pezas do Museo e subliña a importancia da investigación e da divulgación científica no ámbito dos museos.



As persoas interesadas en participar nas xornadas, gratuítas, deben inscribirse a través do enderezo electrónico tiempodearte2024@gmail.com Ofrecense 50 prazas.

A actividade forma parte do ciclo de Monográficos Iacobus, promovido

polo Grupo de Investigación Iacobus, que pretende contribuír á difusión de pezas destacadas dos museos galegos e que tivo o seu punto de partida na Fundación Museo Catedral en Compostela con grande éxito de convocatoria.

As Xornadas Pedagóxicas

A Rede Museística Provincial abriu o prazo de inscrición das XXII Xornadas Pedagóxicas que se celebran durante o 29 e 30 de maio e o 5 e 6 de xuño no Museo Provincial de Lugo, o Pazo de Tor e o Museo-Fortaleza San Paio de Narla. A formación, que leva como título *Museos Situados: xestión, educación e territorio*, dalle importancia ás actividades levadas a cabo nos centros escolares e museos, promovendo o traballo conxunto como ferramenta para a transformación social.

Nas actividades os puntais clave serán a escola e os museos, traballando xuntos como ferramentas de transformación social (ser e facerse, construíndonos unhas con outras). Resulta básica a asimilación de coñecementos para o des-

envolvemento dun pensamento crítico e propio das crianzas. Estas xornadas promoven dende a Rede Museística Provincial unha educación pausada, reflexiva, facendo camiño a ritmo, inclusiva, igualitaria e sostible.

As persoas interesadas xa poden presentar a documentación a través da páxina web da Rede Museística. Dende a institución provincial resérvanse 20 prazas para mestres en activo que deben realizar a matrícula a través do CFR; tamén se reservan 5 prazas para mestres en paro e outras 5 para profesionais vencellados á educación de museos, os cales recibirán un certificado de asistencia da RMPL, que deberán inscribirse no formulario que da web: <https://comunidadermpl.gal/>

O Facela Fest volve a Lugo a mediados de mes

O festival de música independente Facela Fest regresa a Lugo na súa oitava edición. Os días 9, 10 e 11 de maio xuntaranse destacadas bandas e artistas de ámbito nacional e internacional na cidade. Los Enemigos e Micah P. Hinson forman parte do cartel xunto con Josh Rouse, Lisabö, Pablo Und Destruxión, Florent y yo, Aiko, Parade, Sunfruits, Alarido, Las Tropicólicas, Beach Avenue, Auto Sacramental, The Black Wizards e Carabela.

A secretaria territorial da Xunta en Lugo, Marta Barreiro, mantivo un encontro cos organizadores do Facela Fest, Celestino Muínelo e Suso Rielo. Barreiro destacou o apoio económico do Goberno galego ás citas culturais de calidade como este festival de música, "que teñen moito potencial para atraer turismo e dinamizar economicamente os concellos que os acollen". As actuacións desenvolveranse no club Clavicémbalo e no exterior do auditorio Gustavo Freire.



Preséntase un catálogo coas exposicións dos 50 anos da Ramón Falcón

A Capela de Santa María acolleu a presentación do catálogo que recolle as exposicións *Pasado. Presente e Futuro* realizadas pola Escola de Arte Superior de Deseño Ramón Falcón con motivo do seu 50 aniversario. Iria Castro acompañou ao profesorado e estudiantado do centro que asistiu ao acto, no que se recordou a historia e o valor que aporta a Lugo. Castro destacou o traballo realizado polo centro "para recordar os seus 50 anos a través de dúas exposi-

cións celebradas no Vello Cárcere e na Capela de Santa María ao longo do pasado ano e nas que participaron alumnos e alumnas de distintas promocións, así como profesorado". A Vicepresidencia da Deputación editou 500 libros, 400 para o centro e outros 100 para a súa distribución desde a institución provincial. A Escola conta con 250 estudantes e 33 docentes que se forman en deseño de interiores, deseño gráfico, cerámica, fotografía, gravado e serigrafía.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito

EN BREVE

CONSERVATORIO. O Conservatorio Profesional de Danza de Lugo xa está a preparar o programa para a gala do seu 20 aniversario. A cita será o 28 de xuño no auditorio Gustavo Freire. Dende o centro animan aos profesionais de danza e aos exalumnos e exalumnas, así como a calquera que teña algún proxecto coreográfico, a enviar as súas propostas para participar no evento. Os interesados poden mandar as súas ideas a través do correo conservatorio.danza.lugo@edu.xunta.gal.

COCIÑA. A área de Xuventude e Deportes do Concello de Lugo imparte un curso de cociña lixeira. Con esta proposta preténdese ensinar a combater a subida de temperaturas con alimentos menos pesados pero igual de saudables. Terá lugar todos os mércores de maio de 17.00 a 19.00 horas na Casa da Xuventude. As prazas son limitadas.

CONSELLO ESCOLAR. O PP de Lugo pide ao BNG “que se tome en serio o Consello Escolar Municipal” e reclama a súa inmediata convocatoria. Pese a que había o compromiso do Goberno local de activar este órgano no pasado mes de outubro, “seguimos esperando cando estamos a punto de cumprir un ano de mandato, e co curso escolar a piques de rematar”.

EXPOSICIÓN DE TIM FLACH. Os retratos do fotógrafo Tim Flach chegan a Lugo grazas á mostra Emocions en Perigo, organizada por Afundación, que achegan 34 retratos de animais. Trátase da primeira exposición do fotógrafo inglés no estado e conta imaxes de animais en perigo de extinción fotografados como nunca antes se viran. A exposición poderá visitarse ata o 26 de maio no fondo da praza Maior, sendo Lugo o primeiro destino desta exposición como mostra aberta na rúa.

“Queremos que a música tradicional se siga respectando como se merece”

Axeigo, que naceu no 2015, retoma a súa actividade con citas como a Foliada de Primavera de Rábade

Teñen entre 18 e 23 anos, pero a pesar da súa curta idade, o seu obxectivo está máis que claro: “Que a música tradicional se siga respectando como se merece”. Uxío, Manuel, Pablo, Miguel e Óscar forman Axeigo, un grupo que decidiu retomar a súa actividade fai un par de anos, pero que naceu no 2015 no Centro de Música de Fingoi.

“Coincidimos porque tiñamos o mesmo profesor que era Pepe Baamonde, que nos ensinou. Eramos todos rapaces da mesma idade, compartíamos clases e estabamos moi motivados coa música tradicional. Lembro que deramos bastantes concertos e ata gravamos un disco”, recorda Uxío Vaamonde que xunto con Manuel Santín son os dous gaiteiros que seguen no quinteto. A pandeireta, o tambor e o bombo completan esta formación que, pouco a pouco, foi enriquecendo o seu repertorio.

“Á hora de recuperar o grupo, tiramos bastante do que nos ensinara o noso profesor e co empezamos a rodar. Tiñamos outro nivel, estiveimos noutras agrupacións musicais e fomos inspirándonos e absorbindo todo o que aprendemos neses anos de parón e aproveitando que temos uns percusionistas estupendos fomos complicando máis as pezas con novos arranxos”. Combinar o traballo ou o estudo cos ensaios e o labor na formación non resultada sinxelo, reconece este Uxío, pero paga a pena. “Cada vez vaise complicando máis. Cando empezamos, a finais de 2022, todos estabamos un pouco máis libres. Por exemplo, agora eu estou estudando e dou algunhas clases e tres dos meus compañeiros son profesores de música tradicional. Pero imos atopando tempo, sobre todo



as fins de semana”.

Estes cinco músicos van sumando aparicións en grandes citas como o San Froilán, o Entroido do Hío, a Xira de Ribadeo ou a Foliada da Fonsagrada coas que van facéndose un oco no panorama do folk galego. “Aínda que cada vez máis xente nos coñece, moitas veces imos amenizar unha sesión vermú, unhas festas patronais, unha feira ou unha romaría e chámannos por un carácter protocolario, porque nos recomendaron. Pero ao final acaban encantados con nós, sempre tivemos moi boas sensacións e dámolo todo nas actuacións”. Precisamente, o seu bo facer quedou máis que demostrado coa Axeigada, a primeira Foliada de Primavera de Rábade, que organizaron. Defensa do patrimonio cultural “É a primeira vez que facemos algo

así, tiñamos nula experiencia na organización de eventos. Pero realmente todo o mundo nos comentou que lle gustou moito. Confiaron moito en nós, tamén todos os colaboradores, a asociación Fillos Da Chaira, o Concello de Rábade e todos os establecementos locais que nos axudaron”. O programa incluíu dende obradoiros da man de Xavi Iglesias e Pepe Baamonde ata Cantos de Taberna.

“Apuntáronse moitas persoas aos cursos e a xente da vila, independentemente de que fora do ambiente da música tradicional e lle gustara máis ou menos, quedou moi contenta porque había moito ambiente nos bares”. O mal tempo non freou a xuntanza, que continuou no centro sociocultural coa foliada. “Sorprendeunos moito porque estaba cho-

vendo a chuzos e cando chegamos estaba o aforo repleto. Nun principio case non había espazo para bailar e mira que era grande o sitio”, recorda Uxío.

Aínda que non teñen data fixada, a intención é repetir o evento e convertelo nunha cita recorrente. “Con este tipo de actividades xuntamos algo tan tradicional como son os cantos de taberna, o interese de poder gañar coñecemento cos cursos e obradoiros e a festa colectiva e xuntanza como son as foliadas”. E todo vai na liña da defensa do noso patrimonio cultural pola que apostan estes cinco rapaces. “A parte de que nos gusta a nós, sempre estiveimos moi concienciados e saenos de dentro. Inconscientemente buscamos que a música tradicional se valore e por iso o facemos”.

ACADEMIA DE ESTUDIOS

EL BUHO

CALLE TUY 76, BAJO, 27004 LUGO.

TEL: 685 99 89 77

CAMPAMENTO DE VERANO URBANO DE 7 A 12 AÑOS

JUNIO / JULIO / AGOSTO

BILINGÜE

INGLÉS - FRANCÉS

OBRAS Y REFORMAS

JATO

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería

Restauraciones • Acondicionamientos

Mantenimientos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com

641 082 106

O 50 % do alumnado do Campus Terra procede de fóra de Galicia

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, mantivo un encontro co vicerreitor do Campus de Lugo da USC, Francisco José Fraga, no que recoñeceu todo o labor de difusión do amplo abano de titulacións da oferta educativa, así como o nivel científico dos proxectos de investigación que teñen en marcha. Nesta visita, aproveitou para lembrar aos preto de 4.000 estudantes do Campus Terra que está aberto o prazo de solicitudes para as bolsas e axudas do Ministerio de Educación para o curso 2024/2025 ata o 10 de maio.

Isabel Rodríguez informou de que nesta convocatoria, á que se destinan 2.535 millóns de euros, introducíronse algunhas novidades como o incremento nun 5 % dos limiares de renda para permitir que máis estudantes accedan a unha bolsa, a equiparación de vítimas de violencia sexual menores de idade coas vítimas de violencia de xénero en canto á flexibilización dos requisitos académicos, ou a exclusión do cómputo dos rendementos patrimoniais as subvencións ao alugueiro da vivenda habitual, unha reivindicación de es-



tudantes e familias.

A subdelegada deu os parabéns ao vicerreitor polos programas impulsados para dar a coñecer a oferta do campus a alumnado de secundaria para elixir Lugo como destino educativo. “Cada vez son máis mozos e mozas as que deciden trasladarse a Lugo para realizar os seus estudos universitarios, destacando o caso da Facultade de Veterinaria, onde actualmente o 50 % do alumnado vén de fóra de Galicia”, subliñou Rodríguez. Ademais, ambos destacaron o transcendental labor de investigación que se realiza no campus lucense.

RECOÑECIMENTO. O grao en Veterinaria vén de acadar o selo de excelencia á calidade académica outorgado pola Xunta. A acreditación supón un recoñecemento, pero tamén implica un compromiso por seguir a mellorar, sinala o decano do centro universitario, quen apunta as continuadas propostas de adaptación do grao en Veterinaria aos criterios esixidos en Europa como unha das razóns desta distinción. O selo de excelencia académica é “un recoñecemento máis a unha titulación que xa goza da acreditación europea expedida pola EAEVE”, asegura Gonzalo Fernández Rodríguez.



Regresan as actividades de xadrez ás rúas de Lugo

Lugo pon en marcha o programa educativo Xadrez para todas, organizado pola asociación cultural Xaquedrum coa colaboración do Concello. A cidade contará cunha ampla oferta destinada ás e aos escolares e a toda a veciñanza, co obxectivo de “espertar a curiosidade e o interese polo xadrez, achegando ás familias sobre as vantaxes que a súa práctica representa sobre a dimensión educativa”, explicou Maite Ferreiro.

Unha das actividades máis importantes deste proxecto é a de Xadrez Infantil, unhas xornadas en centros educativos de infantil e primaria e un programa deportivo e educativo que achegará a práctica aos escolares. Levarase a cabo no horario lectivo e estará dirixido aos alumnos de 5º e 6º de infantil e 1º de primaria, con máis de 12 colexios da cidade como participantes.

As clases impartiranse nas propias aulas e o material necesario corre a cargo da Asociación Cultural Xaquedrum, tanto o pedagóxico, elaborado pola propia entidade, como o material deportivo. “Trátase dunha actividade totalmente gratuita tanto para os centros como para o alumnado, na que se espera a participación de 1200 nenos e nenas”, insistiu a concelleira.

Ademais, Ferreiro destacou “o grande interese que está a achegar o xadrez na poboación”. A práctica supón un magnífico instrumento para adquirir unha maior axilidade mental e “unha serie de habilidades sociais tales como a capacidade de concentración e de síntese,

ademais de mellorar a memoria, o cálculo, a toma de decisións ou a creatividade”.

O programa inclúe Xadrez xigante e baúl viaxeiro, cos que se pretende dar alternativas educativas e deportivas en espazos públicos. Trátase de campañas de promoción do deporte durante o mes de xuño na Praza Maior, onde se instalarán un xadrez xigante, varios xadrecs convencionais e o baúl viaxeiro. Tamén se realizarán exhibicións.

Ademais, prográmanse tres torneos para os escolares e as súas familias, con dúas categorías xerais: a competición para xogadores federados e outra para os xogadores sen ránking internacional. Outra das iniciativas será unha viaxe pola historia do xadrez coa que se fomentará a promoción do xadrez na época de vacacións dos escolares. Preténdese crear alternativas de lecer para o alumnado e achegar o xadrez ao barrio de Lamas de Prado, dende a Praza do Castiñeiro, na primeira quincena de xullo.

Por último, co fin de promover o lecer deportivo en espazos públicos, levaranse a cabo unha serie de campañas de promoción en setembro na praza Maior. Ao mesmo tempo, quérese facilitar a conciliación da vida laboral e persoal dos participantes. Instalarase un xadrez xigante, varios xadrecs convencionais e o baúl viaxeiro. Desta forma os que queiran poderán xogar ao xadrez, poderán ler libros e poderán aprender ao xadrez.

Volven abrir os hortos escolares nos centros de ensino públicos

A Tenencia de Alcaldía de Lugo, a través da Concellería de Educación e Difusión do Coñecemento, retoma un ano máis as actividades de hortos escolares nos centros de ensino públicos para as e os estudantes de sexto de infantil, organizadas en colaboración coa Tradescola.

Rubén Arroxo, tenente alcalde do Concello de Lugo explicou que “estas actividades utilizan o traballo no horto como recurso educativo para tratar todo o que ten que ver co medio natural, o seu coidado e a concienciación ambiental”. Ao mesmo tempo, as actividades pretenden ser unha ferramenta para espallar as tra-

dicións galegas relacionadas co inicio da primavera.

O horto, xunto coa aprendizaxe de cantigas, xogos e celebracións tradicionais relacionadas cos ciclos do ano, “é unha experiencia na que se pode participar en calquera etapa da vida, pero é, sen dúbida, nas primeiras etapas educativas, onde a estimulación dos sentidos é máis importante, polo que esta actividade supón un recurso educativo de grande interese, para que nenos e nenas de curta idade, vivan, experimenten e gocen do traballo no contorno natural, intervindo nel, dun xeito consciente e responsable e desfruten ao

mesmo tempo coñecendo a música, as cantigas, as celebracións e os xogos bailados relacionados con estes traballos”.

As nenas e nenos participantes poderán desenvolver a súa capacidade de observación e investigación no contorno, e coñecerán e usarán novas ferramentas diferentes ás de uso cotián.

Ao mesmo tempo, achegarase aos participantes a coñecer distintas músicas, cantigas, celebracións e tradicións relacionados co ciclo do ano, e permitiráselles coñecer celebracións tradicionais relacionadas coa natureza, como os maíos.

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

outlet
sótano

GARANTÍA DE CONFIANZA
COMERCIO LOCAL

azulejos, porcelánicos
& muebles de baño

“CON POCO HACES MUCHO”

50%
descuento

en todos los
muebles
de la
exposición

LETRAS GALEGAS 2024

Luisa Villalta

Foi unha escritora prolífica e versátil, autora de poesía, narrativa, ensaios, pezas dramáticas, textos xornalísticos e tradutora

A Real Academia Galega escolleu a figura de Luísa Villalta o Día das Letras Galegas 2024. Luísa Villalta constitúe unha destacada representante da cultura galega contemporánea, tanto no ámbito musical como no literario; a súa obra abarca todos os xéneros (poesía, teatro, novela e ensaio literario) sempre dende unha perspectiva renovadora e orixinal. Ademais, foi coñecida polo seu grande activismo cultural, que de xeito constante e desinteresado levou a cabo en colaboración con diversas asociacións culturais, colectivos e proxectos de diversa índole. Luísa Villalta Gómez nace na Coruña no ano 1957, estuda na USC, onde se licencia en Filoloxía Galego-portuguesa e Hispánica. Era tamén titulada superior en violín, ou violino (como ela lle chamaba sempre ao seu instrumento). Formou parte da Xove Orquestra de Galicia e da Orquestra de Santiago de Compostela, así como doutros grupos de cámara. Foi unha escritora prolífica e versátil, autora de poesía, narrativa, ensaios, pezas dramáticas, textos xornalísticos e tradutora.

Paralelamente á súa traxectoria como autora, desenvolveu unha intensa actividade cultural. Participou en seminarios, recitais de poesía, deu conferencias e colaborou en numerosas publicacións periódicas, como Man Común, A Nosa Terra, Festa da Palabra Silenciada, Tempos Novos, Grial, Luzes de Galiza, Agália, Boletín Galego de Literatura, A Trabe de Ouro, Enclave, Páxina Abierta etc Muller comprometida formou parte activa na AELG, no Foro da Cultura Galega, na Mesa pola Normalización Lingüística, etc. Foi militante do Bloque Nacionalista Galego.

A súa esencia persoal e creativa era unha fusión, unha dobre pertenza á música e á poesía. De feito o seu primeiro poemario, leva o título de *Música Reservada* (1991). Luísa fixo da Coruña o espello da súa obra, unha Cidade Alta reflectida no seu premiado libro *En Concreto* (Espiral Maior, 2004), no que atopamos un dos mellores epítetos para ela “cidade tatuada na petrea pel do mar”.

Postumamente, publicouse *Papagaio*, con fotografías de Maribel Longueira, obra que se adentra no famoso barrio de putas da cidade e recolle o desacougo vital das derradeiras habitantes. Porén a súa actividade literaria foi máis alá da poesía. Publicou tamén 3 textos narrativos e catro pezas teatrais, ademais de traducir varias pezas dramáticas do italiano. Tamén se ten revelado como asidua analista e intérprete da literatura nos libros ensaísticos *O don Hamlet de cunheiro: unha ecuación teatral* (1992) e *O outro lado da música, a poesía* (1999), no que traza unha orixinal visión da poesía galega desde o punto de vista da relación ancestral desta arte coa música. A morte chegou para Luísa dun modo inesperado, por causa dunha meninxite, o 6 de marzo de 2004. Tiña 46 anos e unha vida chea de proxectos. Repousa no cemiterio de Santo Amaro. Desde ese momento sucedéronse iniciativas que lembran o seu nome e o seu labor, tanto desde o IES Isaac Díaz Pardo de Sada—onde ela foi profesora—, como desde a Comunidade Universitaria e a Deputación da Coruña.



A celebración do 17 de maio

A Real Academia Galega o pleno extraordinario do Día das Letras Galegas que lle dedica á escritora Luísa Villalta. A sesión pública, de entrada libre ata completar a capacidade do recinto, terá lugar no Teatro Rosalía da cidade onde naceu e viviu, a Cidade Alta que tanta pegada deixou na súa obra poética ou noutros títulos. As alocucións sobre a vida e a obra da homenaxeada correrán a cargo das académicas Ana Romaní

e Margarita Ledo e do académico Euloxio R. Ruibal.

Para o público máis novo, a RAG ofrece primaveradasletras.gal, onde pode descargarse o conto *Violino, Inglesa e o libro xigante. Pequena biografía de Luísa Villalta*.

Xa no último cuadrimestre do ano, celebrárase o Simposio Luísa Villalta, que reunirá distintas voces que achegarán novas contribucións arredor da súa figura e do seu legado.

A OBRA

POESÍA

- *Música reservada*. Sada: Edición do Castro, 1991.
- *Ruído*. A Coruña: Espiral Maior, 1995.
- *Rota ao interior do ollo*. Lisboa: Edições Tema, 1995.
- *En concreto*. A Coruña: Espiral Maior, 2004.
- *O Papagaio*. Santiago de Compostela: Laiovento, 2006.
- *As palabras ingravidas*. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 2020.
- *Pensar é escuro*. Poesía reunida (1991-2004). Vigo: Galaxia, 2023.

NARRATIVA

- *Silencio, ensaiamos*. A Coruña: Vía Láctea, 1991.
- *Teoría de xogos*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 1997.
- *As chaves do tempo*. Vigo: A Nosa Terra, 2001.
- *Narrativa reunida*. 1991-2001. Vigo: Xerais, 2024.

TEATRO

- *Concerto para un home só*, Cadernos da Escola Dramática Galega, nº 76. A Coruña, 1989.
- *O representante*, Cadernos da Escola Dramática Galega, nº 85. A Coruña, 1990.
- *O paseo das esfinges*, Cadernos da Escola Dramática Galega, nº 88. A Coruña, 1991.
- *Os dóces anos da guerra*, Revista Galega de Teatro, nº 29. Vigo, 2001
- *Sinfonía de escenas*: obra dramática completa de Luísa Villalta. A Coruña: Edicións Proscritas e A. C. Alexandre Bóveda, 2018.

ENSAIO

- *O Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, 1992.
- *O Outro lado da música, a poesía: relación entre ambas artes na historia da literatura galega*. Vigo: A Nosa Terra, 1999. Vigo: Galaxia, 2021.
- *Libro das columnas*. Vigo: A nosa terra, 2005.

TRADUCIÓNS

- *Pasolini, Pier Paolo* (1994): *Manifesto por un novo teatro*. A Coruña: Cadernos da Escola Dramática Galega.
- *Macchiavelli, Niccolo* (1998): *A Mandrágora*. Santiago de Compostela: Laiovento.



JM Rivas imparte un curso intensivo para superar a ABAU cun gran éxito

Os estudantes de Segundo de BAC ultiman o curso estes días coa mirada posta xa na ABAU, a antiga Selectividade, unha proba crucial e que terá moito que dicir no futuro profesional dos aspirantes, xa que a nota media coa que rematen a proba acotará as carreiras ás que poderán optar. Superar esta fase cunha nota alta é importante polo que en JM Rivas realizan un curso intensivo que axuda a todos os que participan a elevar a súa media e ter así máis opcións de futuro.

Este curso intensivo realizarase este ano entre o 20 de maio e o 3 de xuño e ten como obxectivo repasar as materias que eles desexen, de forma totalmente individual e personalizada, adaptándose tamén ao ritmo de cada alumno.

O importante é que todos os días realizan un exame para medir a súa aprendizaxe e son simulacros, xa que están feitos exactamente igual aos que lles porán durante os tres días nos que se desenvolverá a proba, que este ano será do 4 ao 6 de xuño. As clases desenvolveranse de luns a sábado pero os domingos tamén disporán do apoio que necesiten e ademais terán acceso en liña desde a casa a todo o material da aula virtual as 24 horas do día.

TRABALLO DIARIO. Durante esta formación intensiva traballarase nas materias comúns e tamén nas específicas e o alumno poderá escoller en cales necesita máis reforzo. Ademais de resolver dúbidas e repasar o fundamental, realizarán esquemas cos conceptos básicos, prepararán as probas de fonética e redacción do exame de inglés, e traballarán coa gramática e os comentarios de textos, a base das probas da ABAU.

O equipo de profesores que traballa



en JM Rivas é especialista nas materias que ensinan e contan con material propio elaborado polo equipo docente, entre os que se atopan exercicios de exames, conceptos fundamentais, esquemas, resumos,

etc. Ademais realizan clases individuais en materias como historia, bioloxía, filosofía, xeografía ou historia da arte.

O importante é conseguir elevar a nota media do alumno, un fin que

levan anos conseguindo, xa que os seus estudantes teñen unha elevada porcentaxe de éxito.

“O importante do curso é manter ao alumno centrado no estudo e que non deixe o repaso das materias para o último día. Así garantimos que no momento do exame estean ao día do máis importante”, explica o director do centro, José Manuel Rivas Bande.

EXPERIENCIA. JM Rivas é unha academia de gran tradición e experiencia en Lugo. Comezaron no ano 1986 pero desde 2005 ocupan as instalacións actuais na rúa Doutor Fleming. Empezaron dando apoio aos estudantes de ESO e Bacharelato pero pouco a pouco foron ampliando o seu campo de acción e agora traballan tamén co alumnado universitario e preparan as oposicións, entre outros servizos.

As principais liñas de traballo desta academia son as clases en grupos reducidos, para garantir a aprendizaxe, ou individual si a materia así o require.

EN DETALLE

- ▶ Impartirase do 20 de maio ao 3 de xuño
- ▶ As clases serán de luns a sábado e os domingos resolveranse dúbidas en liña
- ▶ Atención personalizada con material didáctico propio
- ▶ Preparación de todas as materias comúns
- ▶ Preparación de todas as materias específicas
- ▶ Aula virtual con todo o material a disposición do alumno as 24 horas
- ▶ O alumno poderá escoller o número de materias que quere
- ▶ Farase un simulacro de exame todos os días coa mesma estrutura e contido que os da ABAU
- ▶ Clases individuais en materias como historia, bioloxía, filosofía, xeografía ou historia da arte.
- ▶ Elevada porcentaxe de éxito do alumnado
- ▶ Contan con profesores especialistas nas materias que imparten
- ▶ Preparación específica da proba de fonética e redacción do exame de inglés
- ▶ Repaso da gramática e mellora do comentario de texto

O novo ciclo de animación á lectura do MIHL contará con Antía Yáñez, Paula Carballeira, Pakolas ou Caxoto

O MIHL acollerá 6 novas actividades de animación á lectura organizadas pola área de Cultura e dirixidas ás nenas e nenos de Lugo. “Con estas actividades pretendemos achegar ás máis pequenas e pequenos á biblioteca e ao mundo da lectura e dos contos, prestando ademais especial atención ao fomento da igualdade de xénero”, explicou Maite Ferreiro.

A área de Cultura utiliza o MIHL para estas actividades, “promocionando tamén esta instalación, as súas exposicións e a súa singularidade”, explicou a edil de Cultura. As propostas contan sempre cunha gran participación por parte do público, “achegándose cada ano máis de 800 nenas e nenos nos distintos ciclos de programación”.

As actividades de Animación á Lectura e Contacontos divídense en catro trimestres, realizándose unhas 20 actividades ao longo do ano. Cada unha delas, está adaptada para as distintas idades das nenas e nenos participantes, achegando actividades de lecer para nenos desde 1 ano ata os 12 de xeito totalmente gratuito para as familias.

O novo ciclo terá lugar ata o 13 de xuño, e achegará a Lugo a nomes recoñecidos como Antía Yáñez, Paula Carballeira, Pakolas ou Caxoto, que cumpre 20 anos percorrendo bibliotecas e escenarios de toda Galiza. As entradas para os espectáculos poden retirarse de xeito gratuito a través do portal entradaslugo.es. Cada espectáculo conta cunha cabida de 70 persoas, permitindo o acompañamento dun adulto.



tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD








COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

Aprobadas novas axudas para asociacións locais

A Xunta de Goberno Local aprobou as bases da convocatoria de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade no eido da dinamización económica e levan a cabo proxectos de fomento do emprego en Lugo. “Trátase de axudas, por un importe de 22.500 euros, para promover que o tecido asociativo da cidade leve a cabo iniciativas que dinamicen a economía lucense”, explicou Mauricio Repetto. Para a valoración e concesión das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, teranse en conta criterios obxectivos e de calidade do proxecto como o número de persoas asociadas á entidade, o número de anos de experiencia e implantación en Lugo, o fomento

da dixitalización, a innovación ou a sostibilidade, a execución de actividades de formación e de participación da cidadanía a través da organización de eventos como feiras, mercadillos, congresos ou actividades de dinamización e networking. Toda vez que o seu anuncio se publique no BOP poderán acollerse a estas achegas –que terán unha contía máxima de 2.000 euros, coa que se pode cubrir até o 90 % da acción– as asociacións e entidades sen ánimo de lucro, que tendo a súa sede e domicilio social en Lugo, teñan recoñecidos nos seus fins a realización de actividades de fomento da promoción económica, comercio, formación empresarial e para o emprego, empresarial, hostalería e/ou creación de emprego.

Continúa a fronte sindical no persoal do Concello que reclama un millón de euros

Continúa a fronte sindical no persoal do Concello que reclama un millón de euros por horas extra, axudas ou produtividades. Deste xeito, os grupos sindicais fan unha reclamación conxunta e trasladan demandas como a aprobación dun regulamento horario, revisar postos de traballo, axilizar a convocatoria de prazas, entre outras peticións.

CSIF, CC.OO., CIG, UGT, AFI-USO e SPPLB son os grupos que dan este paso e que deciden iniciar accións públicas para dar a coñecer a súa situación laboral. Ademais das re-

clamacións económicas, denuncian que se precisa abordar a carreira profesional e que a Relación de Postos de Traballo debería sufrir modificacións, xa que se aprobou fai máis de catro anos.

Aseguran que levan tempo dando a coñecer a problemática e que se precisa iniciar as negociacións, empezando pola convocatoria da mesa xeral de negociación. Deste xeito, danlle un prazo de tres meses para axustar as contas pois apóianse no ninguneo e no abandono que perciben por parte do goberno municipal.

A CIG mobilízase en Lugo contra a sobrecarga de traballo en Gadis

A CIG concentrouse diante do supermercado Gadis da avenida Ramón Ferreiro para denunciar a sobrecarga de traballo que ten que soportar o persoal e esixir que se respecten os dereitos laborais, nomeadamente a regularización das categorías laborais, xa que un elevado número de traballadores na provincia está cobrando menos do que lle correspondería polas tarefas que desempeña. Con esta concentración, advirte Xosé Paz, da CIG-Servizos de Lugo-A Mariña, dáse comezo a un calendario de mobilizacións que se repetirán por toda a provincia. “Se Gadis non responde ás solicitudes de reunión e continúa sen facilitarlle ás delegadas e delegados da CIG (que ostenta a maioría absoluta do comité) a in-



formación que ten obriga de entregar”. Como cuestións máis urxentes a resolver, destaca a necesidade de reforzar os cadros de persoal e que a empresa cubra todas as ausencias que se rexistran nas tendas, tanto nas baixas como nas vacacións.

Pon o exemplo extremo dun establecemento no que das 13 traballadoras, 7 causaron baixa médica por diversos motivos e as 6 compañeiras restantes tiveron que asumir toda a carga de traballo porque Gadis non fixo ningunha substitución”.

O Concello lugués aboará máis de 1,5 millóns de euros a Urbaser

Os populares denuncian a factura de 1.569.176,03 millóns de euros que aboará o Concello a Urbaser, a anterior empresa concesionaria da limpeza. Para eles “é increíble que se dea esta circunstancia cando todos lembramos como era a prestación deste servizo e os problemas de limpeza que tiñamos nos anos 2021 e 2022”. Segundo trasladan dende o Goberno local, esta cantidade será para pagar horas extra e vacacións do persoal de Urbaser e explican que negociaron coa empresa pagar o 59 % para non afectar ao funcionamento do Concello. Dende o PP manifestan

que se trata dunha cantidade moi significativa que afectará á situación económica do concello ao ter que pagar 1.5 millóns de euros dunha factura do ano 2022.

Pola súa parte, o Concello sinala que se trata dunha cantidade elevada, superior á mensualidade que recibía a concesionaria, atribuíble aos custos de liquidación do contrato. Esta esixiu, por parte da empresa, a achega de numerosa documentación que permitise ao Concello comprobar e verificar a adecuación do importe para proceder ao pago da mesma.

Debido a que cando se incorporou

toda esa documentación non existía consignación orzamentaria para asumila na súa totalidade, acordaron coa compañía fraccionar o seu pagamento. Aprobárase no vindeiro pleno despois de que que a nova factura tivera que rexistrarse dúas veces por un erro ocorrido no sistema operativo FACE, o que demorou o inicio do procedemento.

Explican, ademais, que a sinatura do último informe necesario para darlle continuidade á tramitación non se puido facer ata o día seguinte a que se pechara a relación de asuntos da Comisión de Contas.

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpetuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf.: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

Dental Pets
ODONTOLOGÍA VETERINARIA

Mal aliento
Pérdida de dientes
Enfermedades sistémicas
Dolor crónico

Sarro
Pérdida de Dientes
Enfermedad Periodontal
Estomatitis
Maloclusiones
Fracturas, Resorciones

El Dentista de tu Amigo en Lugo.

¿Dónde estamos?
Calle Dinan 1-3, Lugo
982.46.50.65

“Indicamos aos clientes como pagar menos dentro da legalidade”

As case tres décadas de experiencia avalan a calidade de Mateo y Sánchez Asesores, unha referencia no sector, que ofrece asesoramento fiscal e contable

Pablo Gallego e Raúl Mateo están a fronte desta compañía, caracterizada polo trato próximo e o acompañamento aos seus clientes, que se mantén ao día para evitar os problemas legais e garantir o bo funcionamento de calquera empresa.

Son das primeiras firmas lucenses con servizos profesionais. Que os diferencia?

Ofrecemos asesoramento para persoas físicas e empresas en canto a contabilidade, parte xurídica ou impostos dende o 1995. Non somos unha xestoría ao uso, no sentido de limitarnos a facer as declaracións. Facemos máis acompañamento porque reunímonos cos nosos clientes, imos vendo como van, como poden mellorar e optimizar as súas empresas. É un servizo máis profesional que mecánico.

Polo tanto, o seu traballo non se limita a mecanizar datos e facturas.

Algúns empresarios non se paran en facer unha análise para ver onde están gañando máis ou en comparar a situación da empresa con respec-

to ao ano anterior. Nós sentamos cos nosos clientes e podemos detectar que están gastando moito en transporte ou en publicidade, por exemplo. Estamos pendentes destas cuestións, en ter a información para tomar as decisións.

Como é o trato cos clientes?

Algúns levan con nós dende o principio e moitos dos que xa non están con nós é porque se xubiláron. É un trato a diario. Agora co tema das novas tecnoloxías, hai xente que vén aquí de maneira presencial e outra que non, pero o trato é igual de próximo. Realmente consiste nun acompañamento e en anticiparnos aos acontecementos.

Contan cun equipo multidisciplinar formado por avogados e economistas.

Temos a parte fiscal e laboral e estamos especializados en cada un dos ámbitos para dar un bo servizo. Aínda que cada un teña a súa parte, é un traballo en equipo, porque todo acaba tendo relación. Por exemplo, a decisión dun cliente de contratar a unha persoa está relacionada coa

parte laboral, pero tamén vai ter implicacións fiscais e vai influír no resultado da empresa.

Están inmersos na campaña da renda, que pecha o vindeiro 1 de xullo. Somos conscientes dos impostos que pagamos?

Estamos case seguros de que a xente non é consciente de todos os impostos que paga. Parte do noso traballo é facerlle saber canto paga para que pague menos, saber se se están aplicando todas as deducións ás que teñen dereito ou se se están imputando ben ou mal os gastos. Ao final o tema da renda é cada vez máis complicado. Antes calquera podía facer a súa propia declaración, pero agora como tamén é obrigatoria facela por internet, e o programa non é demasiado intuitivo, non resulta sinxelo, tamén por todo o que require como o certificado de usuario ou a clave PIN.

Que consellos darían para afrontar este trámite?

Un erro moi común é confirmar o borrador automaticamente se nos sae a devolver e recomendamos



non facelo. Pode ser que estea mal porque haxa algo que non meteras ou que non recordes ou porque che pode saír a devolver aínda máis. Por exemplo, pode ser que non imputaras a cota dun colexio profesional, dun sindicato ou dun partido político, porque non aparecen no borrador pero tes dereito a metelas na renda.

Entre as novidades, fíxanse novas deducións, que implican que o proceso sexa cada vez máis complexo.

Ti ves o borrador e pensas que está ben pero ao final é importante saber todas as deducións que podes aplicar. Este ano está a dedución por compra de vehículos eléctricos e ao revés. Porque, por exemplo,

se compraches un coche eléctrico e obtiveches unha subvención tes que tributar por ela e iso dá moitos problemas ou ao mellor presentas a declaración conxunta e non deberías e iso despois non se pode cambiar. Despois están as deducións por alugar que moitas persoas non saben que se poden aplicar, a dedución por instalar Internet na casa, a das garderías ou se contigo vive unha persoa maior tamén se pode aplicar para pagar menos.

Ronda da Muralla, 9-10, 1ºB
982 253 890
Web: mateoysanchez.com



¡BIENVENIDO AL CAMBIO DIGITAL!

Soluciones digitales para que tu negocio crezca, ¡Desde 2.000 € hasta 12.000 €!

El Programa Kit Digital es una iniciativa lanzada por el Gobierno de España, con ayudas de entre 2.000€ y 12.000€, cuyo principal objetivo es subvencionar y ayudar a las PYMES en la implementación de soluciones digitales para conseguir un avance significativo en el nivel de madurez digital.

Servicios relacionados con el Kit Digital:


- Diseño de página web y presencia en Internet
- Diseño de tienda online y comercio electrónico
- Gestión de redes sociales

**Somos mucho más que una agencia de publicidad
Somos tus agentes digitalizadores en Sarria (Lugo)**

C/ Matías López N°38, Bajo G · (+34) 621 29 13 53 · www.aitorsl.com



red.es





Candia: “Os sectores estratéxicos están en mans de dous lucenses”

A presidenta do PP da provincia de Lugo, Elena Candia, presidiu unha reunión na que participaron os membros das xuntas directivas local e provincial ante os que rendeu contas do traballo realizado nos últimos meses e planificar a actividade das próximas semanas. Candia estivo acompañada por María José Gómez e Alfonso Villares que veñen de ser nomeados conselleiros de Medio Rural e do Mar, respectivamente, no Goberno de Alfonso Rueda.

“O PP de Lugo nunca fixo unha loita personalista, senón que traballou na defensa dun proxecto que logrou a confianza da maioría dos lucenses” e “grazas ao apoio de todos -de todo o electorado e, por suposto, de todo o PP lucense nas pasadas eleccións do 18 de febreiro-, acadáronse estas responsabilidades”. Así, “os sectores estratéxicos para a nosa provincia -o agrogandeiro, o forestal e o pesqueiro-, estean en mans de dous lucenses”, subliñou a mandatária.

Co obxectivo de marcar estratexias e reforzar a coordinación cos compañeiros do Partido Popular nos 67 concellos da provincia, Elena Candia

proxecta un calendario de reunións cos alcaldes e visitas a todos os grupos municipais que están na oposición.

A nivel local, a voceira do Grupo Municipal Popular explicou que “seguimos co traballo de escoita activa completando a rolda de reunións con todos os colexios profesionais; ademais das visitas a parroquias e barrios, tal e como nos comprometemos en campaña electoral. Achegarémonos como mínimo unha vez ao ano para escoitar aos veciños e render contas do traballo feito”, apuntou.

Dende o Grupo Municipal do PP promoverán accións para visualizar o cansazo dos lucenses ante “a improvisación e a mala xestión do goberno local” con accións para reclamar o incumprimento da promesa de abrir o auditorio de Magoi ou os atrasos das obras de peonalización no centro. Candia puxo en valor que “dende que se celebraron as eleccións autonómicas -é dicir, no prazo de dous meses afiliáronse ao noso proxecto político no municipio de Lugo preto de 100 persoas”.

Lugo xa ten Milagrosistas do Ano

Lugo fixo entrega dos galardóns Milagrosistas do Ano. De novo, na lista de premiados atópanse dende concelleiros, membros de asociacións, médicos ou veciños da zona aos que recoñecen o seu compromiso social. Os premiados son Emilio Álvarez Gómez, veciño da Milagrosa; Cintia Fogueira Cobos, investigadora postdoctoral; Juan José Fernández Arrojo, Subdelegado de Defensa de Lugo; Eva Real Devesa, policía local; Sonia Verdes Gil, directora da Granxa Gayoso Castro; Susana Vázquez Mariño, xuíza; Manuel Touceda Souto, coronel xefe da Comandancia de la Garda Civil de Lugo; Francisco Javier Carballada González, médico especialista en alergoloxía; Esteban Patiño Alves, director do Centro Comercial As Termas; José Conde Vales, xefe de Cirurxía do Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo (HULA) e Carmela López Moreno, Alcaldesa



de Burela e Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Contas.

Tamén resultaron premiados Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña; Eusebio Sánchez Álvarez, xefe de produción en Puleva Food, S.L.; Moisés Muñiz García, xefe da Brigada Provincial de Policía Xudicial de Lugo; José Manuel Rigueiro Veloso, director de Zona Centro ABANCA Lugo;

Noemí Fraga Corredoira, directora do Servizo Provincial de Muface de Lugo; Manuel Buján Peón, Asociación Senatus Lucus Augusti; Antonio López Díaz, reitor de la Universidad de Santiago de Compostela; Pilar Ferreiro Martínez, xefa do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Lugo e Olga López Racamonde, titular de la Concellería de Benestar Social e Maiores.

Reducen á metade os festivos nos que o ocio amplía o horario

O Goberno local adecúa o número de festividades con ampliación de horario de lecer nocturno a pedimento do tecido veciñal da cidade. Ata o momento, esta prolongación da apertura durante dúas horas máis estaba permitida en 13 ocasións nun ano, que agrupaban distintas celebracións e festivos.

A partir de agora, ese uso extraordinario queda establecido na metade das citas anuais. Deste xeito, para o que queda de 2024 os hostaleiros poderán prolongar a apertura en Arde Lucus, durante o Caudal Fest, San Froilán e a Hispanidade, a ma-

drugada de Todos os Santos e nas xornadas do Nadal.

O obxectivo desta medida, moi demandada pola veciñanza, é compatibilizar esta actividade económica e o dereito ao lecer co lexítimo e necesario descanso das persoas residentes, especialmente naquelas zonas que rexistran unha maior concentración de locais. Se ben, as noites enmarcadas nas festas máis celebradas pola cidadanía seguirán contando cunha ampliación no horario de peche do lecer nocturno co obxectivo de compatibilizar o uso hostaleiro co residencial.

O PP local di que as pantallas táctiles non ofrecen contido útil

O PP recrimina que tras 50.000 euros de “despilfarro” o Goberno local segue sen ofrecer contido de interese nas pantallas táctiles. Aseguran que desde o Goberno local deron tipo de escusas para defenderse “cada cal máis disparatada que a anterior”, xa que dixeron que “os locais do centro non están preparados nin adaptados a esta tecnoloxía; logo que non as podían usar polas obras do centro histórico e que só tiñan unha función de carácter pedagóxico”. Os populares conclúen que “unha vez máis vemos como un proxecto que podería servir para fortalecer o tecido empresarial quedou relegado”.

Morera

Tu tienda gourmet

CONSERVAS QUE DELEITAN,
EMBUTIDOS QUE CAUTIVAN,
VINOS QUE SORPRENDEN
Y BOCATAS QUE ENAMORAN

Doctor Castro nº 15. 27001 Lugo / Telf.: 982 873 859
tienda@moreragourmet.es / moreragourmet.es

VISITA DA REPÚBLICA DO CONGO



O tenente alcalde, Rubén Arroxo, acompañado de membros do Goberno Municipal, recibiu en Lugo a concelleiros do Goberno da cidade de Brazzaville, capital da República do Congo. O Partido Congoleño do Traballo (Parti congolais du travail) é o actual partido gobernante na República do Congo e foi fundado no ano 1969 por Marien Ngouabi. Os membros do PCT atópanse actualmente nunha xira na busca de iniciar un proceso de irmandade con diversas cidades de países do continente europeo.

O hostalaría de Lugo viste de gala e distingue o bo facer do sector

A cidade de Lugo volveu ser escenario da Gala Provincial da Hostalería Lucense, organizada pola Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería de Lugo (APEHL). Un dos momentos álxidos da cita, que tivo lugar no Hotel Méndez Núñez, foi a entrega dos Premios a Toda unha Vida nos fogóns, cos que foron recoñecidos catro hostaleiros da provincia.

Os homenaxeados nesta ocasión son Carlos e Jaime, da Cafetería Nevada de Lugo; José Ramón, do Restaurante Mazo de Santa Comba de Lugo; Carmen e Horacio, do Restaurante Río Lor de Quiroga e Manolo, do Restaurante A Casa de Guitiriz.

O evento contou coa participación do deputado de Formación, Ensino e



Economía do Coñecemento, Miguel Fernández, que felicitou aos homenaxeados polo seu traballo, dedicación e compromiso co sector da hostalería, "embaixadores da nosa

provincia, fiel espello da nosa cultura e dos nosos costumes", motivo polo que "as administracións e o conxunto da sociedade debemos estar ao voso carón".

Reparten un kit para os ouriños dos cans

O Concello de Lugo ten a disposición da cidadanía o kit de limpeza da campaña *Lu...guau!!*, consistente nun recipiente con vinagre branco que actúa de desinfectante natural para aclarar os ouriños dos cans e evitar malos olores, tanto na oficina de atención cidadá LuceLugo, situada na rúa Clérigos, como nas oficinas do servizo de Medio Ambiente, situadas no edificio administrativo do Seminario.

Esta campaña municipal supón a distribución de forma gratuíta dun kit hixienizante, que inclúe máis de 1.000 recipientes con vinagre branco, que actúa de

desinfectante natural, que serán reutilizables. O líquido deberá botarse tras os ouriños dos cans para aclaralos e evitar malos olores e axudar, así mesmo, a que outras mascotas ouriñen no mesmo sitio.

Deste xeito, a veciñanza pode recoller os recipientes na oficina de atención cidadá do servizo de limpeza e recollida de lixo municipal, LuceLugo, de luns a venres laborables, en horario de 09:00 a 13:30 e de 15:30 a 18:15 horas; ou ben nas oficinas do servizo de Medio Ambiente, de luns a venres, en horario de 09:00 a 14:00 horas.

As funerarias terán un sistema de cita previa

Lugo incorpora un novo sistema de cita previa que se poñerá en marcha nos vindeiros días no Cemiterio Municipal. O sistema, que estará dispoñible para as principais funerarias, permitirá "mellorar os enterramentos no cemiterio, ao simplificar o traballo das funerarias", explicou Cristina López.

Deste xeito, tradúcese "nunha mellor xestión para a veciñanza, que poderá escoller de outra maneira o horario do enterramento, nunha instalación que realiza enterramentos os 365 días do ano". Esta medida ponse en marcha xunto coa ampliación das franxas de enterramento do cemiterio, medida que garante unha maior dispoñibilidade horaria no cemiterio, aco-

llendo ata 6 enterros diarios de luns a sábado.

Desde o pasado día 1, pódense organizar enterros entre as 10.30 e as 18.00 de luns a sábado, un cada hora entre as 10.30 e as 13.30 e dous en horario de tarde, ás 17 e ás 18 horas. O horario da instalación é de 9.30 a 14.30 horas e de 16.00 a 19.00. de luns a sábado e os domingos e festivos de 9.30 a 14.30 horas. Con esta medida, ampliáanse ata 6 os enterros realizables nas xornadas de luns a sábado, xunto cos 4 que se poden realizar no horario de domingo.

Nas xornadas de maior afluencia de visitantes, o horario de visitas será ininterrompido entre as 09.30 e as 19.00.

O Plan de Turismo Sostible lugués, protagonista nun seminario luso

O Plan de Sostibilidade Turística "... Et edendo, Lucus: un recorrido histórico pola enogastronomía", do Concello de Lugo para o que acadaron unha achega de 2 millóns de fondos europeos Next Generation, e as actuacións realizadas polo Goberno municipal para mellorar a accesibilidade ao patrimonio histórico e arqueolóxico da cidade foron protagonistas no IV Seminario de Intercambio de Experiencias no ámbito do turismo celebrado no municipio luso de Vila Real.

O edil de Dinamización Económica, Mauricio Repetto, participou na primeira mesa redonda da xornada baixo o título "Cidades e eventos accesibles", na que expuxo os obxectivos deste Plan. Unha iniciativa que permitirá "posicionar ao municipio



de Lugo como un destino enogastronómico mediante un conxunto de actuacións no eido da transición dixital, a eficiencia enerxética, a competitividade e a transición verde e sostible".

Por outra banda, o concelleiro lembrou que o Concello leva dende o

ano 2006 aplicando a perspectiva da accesibilidade nos grandes programas de investimento que se foron executando e se están a executar para conseguir unha cidade sen barreiras, tanto para a veciñanza lucense, como para as persoas que cada ano nos visitan".

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com



Lugo homenaxea aos radioaficionados

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, agradeceu a vontade altruísta e o compromiso social dos radioaficionados que colaboran con Protección Civil durante o acto de entrega de diplomas concedidos a membros que forman parte da Rede Nacional de Radio de Emerxencia (REMER) da provincia. No acto, celebrado na Subdelegación do Goberno, estiveron presentes cinco das once persoas homenaxeadas este ano: Enríquez Fernández Fraga, José R. Lorenzo Fernández, Urbano L. Enríquez Arias, Jesús Manuel Rodríguez Iglesias e Jose R. Maseda Lafuente.

Isabel Rodríguez trasladou en nome do Goberno “un recoñecemento e agradecemento especial por poñer a disposición de todos os lucenses o voso tempo e os vosos coñecemen-

tos en situacións de emerxencia, estando sempre presentes cando a sociedade vos necesita”. A este respecto, subliñou a progresiva formación e profesionalización dos seus membros para garantir a mellor atención e resposta no eido da seguridade cidadá.

En palabras da subdelegada, a REMER “ten un papel fundamental de apoio á Protección Civil, non só como sistema alternativo e complementario de comunicacións senón tamén como elemento captador de información relevante sobre calquera situación de crise”. Aínda que van aparecendo avances tecnolóxicos, “a radio segue a ser unha ferramenta fundamental de traballo, demostrando a súa eficacia en situacións de emerxencia como apagóns, interferencias ou carencia de cobertura”

“Queremos volver incentivar o mundo das motos en Lugo”

Jabatos Bravíos organiza a súa primeira quedada moteira o 20 de xullo

Por Lucía Blanco

O ruxir dos motores volverá a ser protagonista en Lugo. “Queremos volver a incentivar o mundo das motos e dar a coñecer a nosa cidade”. Con este obxectivo o motoclub Jabatos Bravíos organiza a súa primeira quedada moteira, que terá lugar o vindeiro sábado 20 de xullo, e coa que intentan xuntar aos amantes da velocidade. “Aquí hai moita afección, o que pasa é que dende fai anos non se celebra nada en Lugo, fanse concentracións sobre todo polas aforas, pola comunidade e en distintos puntos da provincia como Chantada ou Paradela”, conta Marta, membro do grupo. A ruta comezará en Garabolos. “Saímos da explanada que está situada detrás do parque de bombeiros e imos ata Portomarín, onde facemos unha parada duns 45 minutos para tomar algo, comer uns pinchos e onde tamén vai haber música”. Logo continúan por Paradela e pola Pobra ata regresar á cidade. “Daremos a volta ao redor da muralla, dirixirémonos pola avenida da Coruña e de novo cara Garabolos”.



Ademais, haberá comida, sorteos e premios para todos os que realicen as súas inscricións, que xa están abertas e teñen un custo de 23 euros. “Polo momento vai bastante ben, a xente a verdade é que está colaborando moito”, aseguran. Este vai ser o seu primeiro evento como organizadores, aínda que nos case dous anos que levan como motoclub xa participaron en rutas por Luarca, Mondoñedo ou Sarria e en citas sinaladas como a Motoxeadada.

Todos eles comparten o gusto por este hobby ao que consideran xa un estilo de vida. “Levamos pouco tempo pero somos uns 20 no grupo, aquí en Lugo a verdade é que hai moitos grupos pero todos axudamos moito”. E constatan que a paixón polas dúas rodas non entende de idades. “A maior do grupo sona eu que teño 47 anos e a máis pequeniña que, evidentemente non leva moto, leva unha de batería e ten 11 meses”.

GALO

¡A DOMICILIO!

982 247 076 **RECATELO Nº1**

¡CON GLOVO Y JUST EAT!

Marfer

INFORMÁTICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA

Distribuidor Autorizado

CRM

CONTABILIDAD

PRODUCCION

GESTION

E-COMMERCE

FIDELIZACION

EXIT ERP
SOLUCIÓN
MODERNA Y FLEXIBLE

EXIT MOBILE

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

A asociación de veciños Porta de Lugo pide recuperar liñas de buses

As modificacións nas liñas de autobuses urbanos na cidade seguen a causar molestias entre os lucenses. Os últimos en pronunciarse son a asociación veciñal Porta de Lugo que denuncia o malestar entre os usuarios tras a supresión de dúas liñas, a 7 e a 7ª, que afectan ás paradas das inmediacións do polígono do Sagrado Corazón.

A liña 7, que facía o seu percorrido dende as Gándaras ata o Campus Universitario, “tiña a súa baixada pola rúa Venancio Senra e facía parada na esquina do polígono do Sagrado Corazón”. No caso da 7ª, que ía ata o cemiterio, “tiña subida pola rúa Venancio Senra e había unha parada na esquina da rúa do Carballo fronte ao polígono”. Tras os cambios, “só a liña 13 baixa pola rúa Venancio Senra, pero carcécese dunha liña de subida por esa rúa e de parada nas proximidades”.

Dende o colectivo veciñal aseguran que o cambio de liñas foi moi prexudicial para os veciños, especialmente para os maiores e dependentes, para o centro de saúde, para os negocios e para o colexio da zona. Por este motivo, recolleron firmas que entregaron no Concello.

Unha nova normativa rexe no mercadillo de Frigsa para vender

Dende o martes 23 de abril, o Concello de Lugo aplica unha nova normativa para os feirantes que acoden no mercadillo de Frigsa. Deste xeito, dende a Concellería de Participación Cidadá e Servizos á Veciñanza pretenden regularizar a actividade comercial, asegurar que o que se venda está legalizado e conta cos permisos necesarios e optimizar os espazos públicos.

Tras os cambios decretados, 104 vendedores, principalmente, de roupa, calzado e outros produtos téxtiles, aínda que tamén de alimentación, decidiron renovar a súa autorización para montar os martes e venres. Quedan libres 27 e sobre unha decena non obtiveron a documentación requirida. Ademais de



actualizar a autorización, agora os comerciantes teñen que pagar a taxa correspondente antes de montar o seu posto, cuxo importe ascende aos 2,16 euros por metro cadrado e día. Os permisos concédense por un período dun ano, aínda que se poden prorrogar de maneira automática se non existe desacordo por algunha

das partes. Ademais, tal e como se recolle na Ordenanza municipal da venda ambulante do Concello de Lugo, no caso de ter pechado o posto durante oito días de mercado seguidos ou doce alternos durante tres meses, deberán renovar a autorización agás que o adxudicatario xustifique a súa imposibilidade de abrir.

Farán unha homenaxe a Joaquín García Díez

A piques de cumprirse un ano da retirada da política de Joaquín García Díez, preparan unha homenaxe para o exalcalde e exdeputado. Deste xeito, organizan un acto aberto, plural e apartidista en que tanto os seus compañeiros de filas como outras persoas alleas ao PP ou ao mundo da política poidan render homenaxe a un dos rexedores Lugo máis queridos e ao que se denominou acertadamente "o cabaleiro da política lucense".

Realizarase unha comida no Torre de Núñez o día 11 de maio a partir das 14.30 horas. O acto atrasouse para non que non coincidise coas citas electorais destes meses pasados. A actividade de Joaquín sempre estivo enmarcada nas filas



do Partido Popular, do que foi presidente local e por cuxas listas se presentou ás eleccións municipais e nacionais. Por este motivo, a organización do acto conta co apoio e a colaboración do PP local, presidido por Ramón Carballo.

AXENDA DE FESTAS

PIRINGALLA. O barrio da Piringalla celebra as súas festas na honra a San Isidro os días 15, 16, 17, 18 e 19 de maio. O mércores haberá misa solemne na igrexa da Milagrosa ás 12.30 e xa pola noite, a partir das 21.30, actuarán o grupo de baile dirixido por Ana e Tante. Elena Candia dará o pregón e farase entrega dos bastóns de ouro de San Isidro. Tamén organizan unha solta de globos en símbolo da paz e xa a partir das 22.45 horas comezará a verbena co Dj Ayran Núñez e co Combo Dominicano. O xoves organizarase o oitavo Campionato do Mundo en Lanzamento de Pantuflas. Xa pola noite, actuarán a partir das 22.45 horas o dúo Estrellas e a orquestra Cinema. O venres, actuará o grupo de zumba dirixido por Mila e a orquestra Gran Parada e o sábado terá lugar a pri-

meira Xuntanza de Coches Clásicos na rúa Manuel María e verbena con Neón e o solista de Abanico José Manuel. O programa remata co Día do Neno coa apertura de carruseis ás 12.00 e ás 17.00 horas. Volverá actuar o grupo de zumba e haberá degustación de chocolate con churros para a cativida ás 10.30 horas.

FONTIÑAS. A Asociación de Hostaleiros de Fontiñas preparan unha nova edición do seu mercado medieval que en principio terá lugar os días 10,11 e 12 de maio. Durante o evento, haberá unha oferta cultural con actividades como espectáculos de lume ou danza medieval. Polo momento, mantense aberto o prazo para os comerciantes que queiran participar e que deberán levar o seu propio stand con decoración

acorde á temática. O Mercado Medieval congrega cada ano artesanía, produtos de alimentación e mostras de recreación histórica.

CASTIÑEIRO. O barrio do Castiñeiro xa ten o programa para as festas de Santa Antonio que celebrarán do 6 ao 9 de xuño. Contarán coas actuacións das orquestras Panorama, Combo Dominicano e América. A celebración comezará o xoves 6 con pasacalles a partir das 22.00 horas e verbena amenizada pola orquestra Panorama e Combo Dominicano. O venres haberá tamén pasacalles e actuación do Combo Dominicano e Dj. O sábado haberá sesión vermú con Mertitxel que tamén amenizará a noite xunto coa orquestra América. As festas rematan o domingo coa dobre sesión con Manhattan.

A excelencia na reciclaxe recibe o galardón de Pajaritas Azules

O Concello de Lugo foi galardoado na octava edición da entrega de premios Pajaritas Azules pola excelencia da súa xestión na recollida selectiva para a reciclaxe de papel e cartón. O edil de Trasición Ecolóxica, Miguel Fernández, foi o encargado de recoller o premio na gala organizada por Aspapel en Madrid. "Tras unha avaliación moi esixente, recibir a Pajarita Azul sitúanos nun selecto grupo de municipios dentro do Estado elixidos por contar coas mellores prácticas para incentivar e executar o acto de reciclar cartón e papel", indicou o concelleiro.

Estes galardóns concédense a par-

tir da avaliación anual de 21 indicadores que analizan todos os aspectos que incumben á recollida do colector azul e recollidas complementarias, campañas de información e concienciación cidadá, regulación e planificación da xestión, así como taxas de recollida e rastrexabilidade. Debido a que cada ano o Programa é máis esixente, as entidades que participan en Pajaritas Azules incorporaron importantes melloras. Este é o caso de Lugo, que acadou o distintivo por implementar o procedemento de control de calidade exemplar cualificado como excelente pola organización.



C-27-001389

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría


¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Ronda Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

Conversa con Óscar López Alba, arquitecto

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Para esta conversa elixín a Óscar López Alba, o meu arquitecto de cabeceira e digo iso, non só porque o seu estudio profesional ocupárase da vindeira reforma do Estadio Ángel Carro, senón porque el foi quen deseñou o espazo físico da miña casa, un fogar que ten accesibilidade, claridade e seguridade, para min condicións esenciais nunha vivenda.

Graduado na ETSA da Coruña no ano 2001, dende cando soubeches que querías ser arquitecto?

No sétimo curso da EXB comezou a miña afección polo debuxo lineal, encantábame facer os exercicios de planta, alzado e perfil con rotring. E no instituto tiven unha profesora de debuxo artístico, Clara Murado que, xunto cos meus pais, soubo ver o que interesaba e axudoume a desenvolver ese interese. Xa en terceiro de BUP, nun libro descubrí a Casa Smith de Richard Meier e me encantou. Penso que esa imaxe fixo decidirme pola Arquitectura. Porque me gusta moito, sigo debuxando os meus proxectos, primeiro fago bosquejos a man, despois transiro ao debuxo lineal co ordenador... Debuxar é debuxar independentemente da ferramenta que uses, xa sexa un rotring, un programa informático, ou incluso Intelixencia Artificial. E se sei utilizar todas estas ferramentas, cubro todo o espectro de posibilidades para traducir as ideas facer un bo deseño. O que importa é saber o que queres construír.

Especializácheste en rehabilitación e deseño urbano?

Si, porque cando estudaba a carreira, nos veráns, busquei traballo en Lugo. Chamei ao estudio de José Luis Arias Jordán, do que aprendín moito, débolle todo o bo e a miña traxectoria profesional está marcada para sempre pola súa influencia. El encargouse da primeira peonización do casco histórico de Lugo e eu axudeille sendo o meu primeiro traballo. Despois seguimos traballando xuntos noutros proxectos ata a súa morte.

Vinculado non só á cidade de Lugo, senón tamén a outros concellos da provincia, non?

Si, si, ata o ano 2010 dediqueime a dirixir a Oficina de Rehabilitación do Concello de Sarria, realizando obras no Camiño de Santiago. Logo xa traballei, principalmente, dende o estudio. Actualmente o estudio conta con dous socios que comparten a sinatura, eu e Lucía Fernández Rodríguez.

E seguindo co Camiño de Santiago, no 2018 realizaches un traballo no Monte do Gozo no que fuches finalista os premios FAD, os premios decanos de arquitectura europea?

Si e estou moi satisfeito polo recoñecemento que obtivemos dos compañeiros. Son as piscinas que deseñamos na lagoa do Monte do Gozo. Intentamos integralas na paisaxe, creando novos espazos de auga con formas xeométricas. Galicia está chea de oportunidades para actuar na nosa paisaxe.

E Lugo cidade?

Tivo máis oportunidades das que ten. Non podemos esquecer que, aínda sendo unha cidade pequena, ten unha contorna excepcional con moitas posibilidades. Hai boas ideas, hai unha boa xestión de recursos económicos para levar a cabo diferentes intervencións, pero



a execución das mesmas, o resultado final deixa moito que desexar. Non está a altura da nosa cidade, da súa paisaxe natural e do século XXI. Por exemplo, moitos arquitectos miramos ao país veciño, ao que se fai en Portugal, onde a tradición de deseño urbano é máis antiga que a nosa. Manexan orzamentos similares, pero o compromiso co deseño dos técnicos é moito maior. Mesmo dentro de Galicia temos en Pontevedra un bo resultado de peonización do casco histórico. Hai que ter en conta que as cidades se debuxan. Os debuxos non menten, que hai que amosar para compartir en discutir posibles melloras. Estamos a realizar obras de uso público, para desfrute dos veciños, que perdurarán no tempo para ben, mal ou regular. Que queremos, a excelencia ou a banalidade?

Participaches na reforma da Praza de Abastos e do mercado?

O edificio orixinal foi unha xoia da arquitectura dos anos 30, obra de Eloy Maquieira, e tentamos abrilo máis á rúa coa escaleira e, polo tanto, ter máis presenza na vida da cidade.

Destaca unha boa reforma feita nesta cidade nos últimos anos?

A vella Praza da Milagrosa é un exemplo de urbanismo funcional, fermoso e sinxelo. Podería asinalo eu sen problema.

E do contrario?

O modo de como se están peonizando as rúas dese barrio, cunha estética antiga, gris e dura. Outro exemplo de mala reforma é a enésima da praza de Alacante. Xa non era aquel espazo cheo de area no que xogaba na miña nenez. Agora, tras varias reformas, na que a última limitáronse a cambiar o pavimento, só se utiliza como aparcadoiro. Cando hai unha resposta exitosa en Arquitectura, dáse a coñecer a todo o mundo. Pero, claro, cando non é así é porque non se dá unha resposta seria. Na nosa cidade hai moito ruído e as demandas que todos temos non son atendidas. En arquitectura e urbanismo debemos responder a preguntas básicas como: que necesitamos, onde o situamos, por que o facemos e como o construímos. Lugo existe polo seu enclave, porque os romanos, que foron moi

listos, atoparon un enclave perfectamente situado cun monte cheo de carballos, con augas termais e á beira dun río. Co paso do tempo esta cidade foise desconectando desta realidade natural. Agora tratan de reconstruír ese vínculo co Miño e a súa contorna. O proxecto "Muramiñae" foi un intento diso, unha boísima idea executada pesivamente.

Fai pouco tempo inaugurouse o Edificio Impulso Verde.

Un edificio suxestivo e atractivo, feito de madeira, que mostra outra forma de construción. Trátase, pois, dun edificio emblemático, cunha gran presenza na entrada da cidade, que tenta responder a unha idea estraña, a existencia dun barrio ecolóxico. E para que Lugo sexa ecolóxico, antes habería que facer outras cousas, como poñerlle en serio máis verde á cidade e conectala de novo co río dun xeito atrevido e contemporáneo. O espazo verde debería chegar o corazón da cidade, atravesar os accesos dende a contorna para invadir de novo á rede viaria.

Con que material prefires traballar?

Non teño material fetiche. O que máis usei foi a pedra, tendo a sorte de levar máis de dez anos traballando cunha multinacional galega do granito, DFG, podendo desenvolver diferentes formas de aproveitar este material e poder ver como pensaba eu hai unha década e como penso agora usando tecnoloxía punteira.

A arquitectura está en crise?

Non, en absoluto. Hai máis cartos que nunca e refirome ao Primeiro Mundo. O que pasa é que hai que transformalo, hai que cambialo entre todos. Estamos no inicio dunha nova era en todos os aspectos: desde como nos relacionamos, entre nós e co medio ambiente, ata como construímos os nosos edificios. Sabemos que o modelo de vida actual, o modelo económico, lévanos por mal camiño. E os arquitectos somos conscientes da nosa responsabilidade porque á hora de construír consumimos moita enerxía e sabemos que se pode construír doutro xeito. Pero para iso fai falla todo un cambio de mentalidade, por exemplo, deixar de saquear os recursos naturais. Se temos a necesidade e diñeiro, temos traballo, a partir de aí é como se utiliza.

E a accesibilidade, tense en conta?
É obvio, hai que construír edificios accesibles e funcionais para todos. Iso si, hai construcións ás que, polas súas extraordinarias circunstancias, non se pode acceder. Pero a normalidade, a vida cotiá, é a accesibilidade e facelo ben.

HERBÓN
LOS GUACES

Rúa da Industria, 38. Pol. Ind. O Ceao - Lugo / Tel.: 982 207 018
herbondesguaces@gmail.com / www.desguacesherbon.com

INSTALACIONES ESPECIALIZADAS EN TODOTERRENO Y FURGONETAS
Rúa da Industria, Pol. Ind. O Ceao / 982 209 222 - 982 207 018

Polígono As Gándaras, Rúa Fontán Rodríguez,
Calle F - Parcela H4, Lugo / Tel.: 982 147 951

Descubre la Verdad sobre la Piel

- Acné
- Psoriasis
- Arrugas
- Manchas
- Eczemas
- Dermatitis
- Rosacea
- Estrías
- Pos-quirioterapia
- Pos-radioterapia
- Hiperhidrosis
- Micosis
- Lupus
- Celulitis

¡Pide una demostración Gratuita!
Tratamiento exclusivo de nuestro centro

Verxel
HERBOLARIO

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo.
josemanuel@verxel.es
Tel.: 982 251 827 • www.verxel.es

Os veciños de Santa Comba piden maior control da calidade do aire

A deputada do BNG no Parlamento de Galiza, Olalla Rodil, xunto co tenente alcalde de Lugo, Rubén Arroxo, mantiveron unha xuntanza coas veciñas e veciños de Santa Comba para recoller as súas reclamacións sobre a situación da planta de Tableros Hispanos e as emisións contaminantes da mesma. Olalla Rodil lembrou que “desde o BNG mantivemos xuntanzas coa veciñanza afectada, residentes a pouca distancia da fábrica, que desde hai anos veñen denunciando os altos niveis de ruidos e as emisións de fumes que padecen nas súas vivendas”.

“É preciso que a empresa cumpra coas medidas de control marcadas pola normativa ambiental e que desde o Goberno se amplíen os controis deste tipo de emisións”, afirmou



Olalla Rodil, que anunciou que o BNG levará esta situación ao Parlamento “para garantir o benestar da veciñanza de Nadela”

As veciñas e veciños denuncian que a contaminación do aire producida polas emisións de Tableros Hispanos estalles a producir graves molestias

de saúde, entre as que se atopan inflamacións nos ollos e nas vías respiratorias. Desde o BNG recóllense as reclamacións veciñais e reclamará instalación dunha estación de control da calidade do aire, e a medición diaria das partículas PM10 e PM2,5 por parte da propia administración.

O Concello homenaxeará en maio aos pedáneos no Día do Mundo Rural

A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, e a responsable de Cohesión Territorial, Ana González Abelleira, mantiveron un encontro cos pedáneos e pedáneas do municipio para tratar diversos temas de interese para as zonas rurais do concello. Durante a reunión de traballo, que se levou a cabo no salón de actos do Centro de Convivencia de Fingoi, a rexedora destacou a importancia desta figura no funcionamento da Administración local. “É fundamental na xestión municipal e clave para o desenvolvemento do noso rural. Por iso, consideramos vital intensificar esa relación e poñer en valor este posto e a súa función como interlocutores e alt falantes da comunidade”, asegurou Alvare-

llos Fondo.

Así, a rexedora anunciou que o próximo 15 maio, coincidindo co Día do Mundo Rural e a celebración de San Isidro Labrador, o Goberno local organizará un acto de homenaxe a esta figura na Casa Consistorial. “Trátase dun recoñecemento a todos e cada un dos pedáneos que este ano estará personificado na traxectoria de Servando Escolante Peteiro, pedáneo de Esperante, quen faleceu recentemente, e na lonxevidade de Dositeo Devesa Lorenzo, de Orbazai, quen aos seus 92 anos leva 42 exercendo esta responsabilidade”. Con esta cita pretenden expresar o enorme agradecemento a este grupo de veciñas e veciños.

Alicia López, nova presidenta da Federación de Mulleres do Rural

A técnico agrícola Alicia López é a nova presidenta da Federación de Mulleres do Rural de Lugo. As integrantes desta entidade apoiaron por unanimidade a súa candidatura coa que perseguen “seguir poñendo en valor o rural e dando oportunidades ás persoas que viven nel ou teñen o seu medio de vida nel”.

Esta Federación xurde a finais de 2022 e na actualidade conta con cinco asociacións integradas: Lugo, Portomarín, Begonte, A Pastoriza e Vilalba. Nos vindeiros meses pretenden seguir ampliando a súa rede por



toda a provincia, de tal xeito que a integración do colectivo de Abadín está a punto de materializarse.

A nova presidenta colle o relevo da súa predecesora e asume “con convencemento e moita ilusión” a nova

responsabilidade. Deste xeito, o seu obxectivo “é dar continuidade ao traballo iniciado; consolidar o que se fixo ben e seguir traballando polo rural dende os valores da igualdade e da xeracións de oportunidades”.

OBRADOIROS DAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS



A concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, visitou Orbazai, onde rematou unha das actividades organizadas para as asociacións veciñais do rural no ano 2024. As distintas asociacións disfrutaron nestes meses de cursos de distintas temáticas, como de poda, inxerto, restauración, cociña, pandeireta, repostería, etc. Esta área entregou o pasado ano un total 10.691,12 euros ás asociacións veciñais para executar proxectos relacionados co asociacionismo, o voluntariado e a participación cidadá.

HERMANOS CASTEDO

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
 Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com



Veciños e o PP reclaman axilidade para proxectos en 12 parroquias

O Grupo Municipal do PP mantivo un encontro de traballo coa veciñanza de Teixeira, San Pedro de Mera, Soñar, Ribas de Miño, Pías, Muxa, Santa Eulalia de Bóveda e Crecente, Bazar, Torible, O Burgo, Santa María de Bóveda para analizar a situación de varias obras nestas parroquias. As actuacións supoñen un investimento duns 178.000 euros e permitirán recuperar elementos etnográficos, como fontes e lavadoiros, tamén suporá intervencións de eficiencia enerxética nos locais veciñais ou a creación de parques infantís.

Deste tema o PP defendeu un rogo, no que reclamaba celeridade para que estas obras se poidan levar a cabo e que a veciñanza goce delas á maior brevidade posible. Dende o Grupo Popular apoian á reivindicación das 12 parroquias xa que, no caso dos elementos etnográficos, as obras axudarían a preservar a identidade cultural da zona ademais de servir como reclamo turístico para os interesados en coñecer a historia das nosas parroquias.

NADELA. Unha das actuacións que solicitan é que se acendan os farois da rotonda de Nadela: “É unha entrada estratéxica, xa que este punto é a arteria principal para acceder e saír de Lugo, que conecta a N-6 coa A-6; que dá acceso ao núcleo de Nadela; onde conflúe a saída á LU-546 que leva ao municipio de Sarria pola estrada vella pasando por Santa Comba e que dá acceso ao corredor Lugo-Monforte”, din.

BÓVEDA. Os deputados do PP esixen a José Tomé o arranxo urxente da estrada provincial LU-P-2903 en Santa Eulalia de Bóveda tras comprobar os “incríveis danos” que presenta e que “incluso impiden a circulación a camións ou tractores” polo que este treito tivo que cortarse para a circulación.

O punto danado está na estrada LU-P-2903, xusto a continuación do cruce coa estrada LU-P-2923, pouco despois da zona no que se atopa o monumento romano de Santa Eulalia de Bóveda, unha zona moi frecuentada por turistas.

Rematan o acceso do local dos veciños de Santa Cristina de San Román

A Xunta investiu 25.000 euros nas obras de execución dunha soleira arredor do local social da Asociación de Veciños de Santa Cristina de San Román.

A intervención enmárcase dentro do apoio que a Xunta presta ás entidades veciñais para facilitar a realización das súas actividades. Foi este colectivo o que promoveu os traballos co obxectivo de mellorar o acceso á súa sede e tamén de acondicionar un espazo que utilizan ao longo do ano para diversas actividades.

O centro social da parroquia ocupa o edificio da antiga escola unitaria, e acolle actos comunitarios como reunións de veciños



ou cursos de formación; na explanada exterior, agora acondicionada, tamén se celebran encontros de carácter social e festivo.

ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SANTO ESTEVO DE BENADE

“Tratamos de facer actividades para todas as idades como viaxes”

O torneo de tute e a festa do Entroido protagonizan o calendario da asociación



Por Lucía Blanco

Santo Estevo de Benade, en Lugo, mantense como unhas desas parroquias do rural que, malia o seu pequeno tamaño —son apenas uns 100 habitantes—, segue a dinamizar a súa actividade e manter a unión do núcleo grazas a asociación de veciños. Dende fai unhas tres décadas traballan por ofrecer unha oferta cultural que os implique a todos. “Imos abarcando todas as idades. Intentamos facer actividades enfocadas a xente máis maior, por exemplo, viaxes que son as que máis lles gustan, pero tamén para a xente de mediana idade que participa moito no tute”, conta María José, que leva 16 anos á fronte da presidencia.

O colectivo despegou nunha época na que “se comezaba a viaxar e a facer cursos e empezouse así a poñer en marcha distintas ideas veciñais” coas que continúan a día de hoxe. “Ademais das que nos dan subvencionadas e as institucionais,

organizamos unhas dúas ou tres escapadas ao ano. Pero despois de pandemia baixou moito, entón agora colaboramos con outras asociacións para viaxar todos xuntos”. A presidenta reconece que son “un pouco a excepción” se se comparan con outros colectivos, porque colaboran con máis parroquias e non pagan cota de socio. “Aquí participa xente que non é nin da parroquia nin deste concello, porque somos un pobo moi pequeno e temos que xuntarnos con outra xente”.

Cursos de costura creativa ou de encaixe de bolillos tamén compoñen o seu programa. “Nestes momentos estamos pelexando polo curso de tear para que a Deputación nolo deixe usar”. Estas apostas súmanse ás iniciativas da asociación de montes e ás da de mulleres rurais de Benade. “Colaboramos todos como se foramos unha. Temos unha vogalía de muller e outra de igualdade tamén para relacionarnos coa outra asociación que

está encamiñada a cuestións como a violencia de xénero e están moi implicados”.

En canto ás datas, o Entroido supón unhas das grandes celebracións para eles. “Facemos a festa o sábado e preparamos unha pequena comparsa, disfraces, comida, sorteos e agasallos. É a que nos costa máis economicamente porque hai que poñer carpa e inchables para os nenos, pero coas subvencións do Concello e co que aportamos nós chéganos. Cubrimos as necesidades e en xeral tampouco podemos abarcar máis porque non damos”, asegura.

O campionato de tute é outra das citas imprescindibles no seu calendario dende fai xa 13 anos. “Ten moito éxito. Empezamos sempre o primeiro venres de novembro e rematamos cunha comida. Non hai premio en metálico, damos un trofeo e agasallos para os participantes”. No torneo, que non entende de xeracións pois os asistentes van dende os 20 aos 88 anos, enfróntanse 16 parellas, aínda que xogan todos contra todos. “Empezou con poucas mulleres e agora entre o 30 e o 40 % son mulleres e imos abarcando todas as idades”.

Aínda que nas vindeiras semanas a súa actividade sufrirá un pequeno parón, ganas non lles faltan a esta pequena parroquia que traballa todo o ano para seguir poñendo en valor o rural e os seus costumes. “Moitos coma min somos gandeiros entón, cando toca por exemplo ensilar, sempre é unha temporada na que se desconecta un pouco. Pero estamos moi contentos e a participación é total, con dicirche que acabou o campionato de tute e seguimos xuntándonos os venres”.

Orbazai convoca unha nova edición da súa Foliada

Orbazai xa ten data para celebrar unha nova edición da súa tradicional Foliada, unha celebración popular que reivindica a música tradicional e pon de manifesto o dinamismo social e cultural da parroquia. A décimo segunda edición da cita terá lugar o sábado 1 de xuño. Airiños de Orbazai, a Asociación de Veciños e a Comunidade de Montes, organiza de novo esta xornada na Carballeira de Xanares. O programa comezará ás 11.00 horas con feira de artesanía para logo

dar paso ao Festival das Escolas da man de Airiños de Orbazai a partir das 13.00 horas. Xa ao mediodía os asistentes poderán gozar da sesión vermú coas pandereteiras de Orbazai e do tradicional xantar popular. As actuacións musicais continúan pola tarde con Cantareiras O’Xanares, a asociación cultural Xermolos, Ondiñas do Mendo a agrupación folclórica La Sidrina e Airiños de Orbazai. Pola noite haberá degustación de pinchos e foliada popular.

Festas en San Pedro de Mera o 3, 4 e 5

San Pedro de Mera celebra as súas Festas na honra a San Benito os días 3, 4 e 5 de maio. O programa comeza o venres con churrasca popular ás 22.00 horas e logo verbena da man do grupo Tania Veiras. O sábado haberá misa solemne e sesión vermú co grupo Fusiión que estará acompañado do grupo Beatriz pola noite. De novo haberá misa solemne, procesión e sesión vermú de dúas horas o domingo co dúo Estrellas. A partir das 14.00 horas terá lugar unha concentración de cabalos.

A MAXIA DAS PARROQUIAS

Santo Estevo de Camoira

Os hórreos, a Torre de Aez e a igrexa completan o patrimonio do núcleo


A pouco máis duns 20 minutos de Lugo atópase a parroquia de Santo Estevo de Camoira. O núcleo conserva a súa igrexa parroquial en moi bo estado de conservación. Trátase dun edificio relixioso dos séculos XVIII e XIX, de planta rectangular e unha soa nave realizada en cadeirado de pedra e cuberta de lousa. Conta cunha portada adintelada, cun óculo sobre ela e que remata nun frontón partido por unha espadana de dous corpos. O primeiro presenta un vano unicamente para a campá en arco de medio punto rematado por pináculos, mentres que o segundo tamén ten un só vano en arco de medio punto rematado por un pináculo de bolas.

No interior pódese contemplar o retablo maior de estilo neoclásico datado de finais do século XVIII-principios do XIX, que garda unha imaxe de San Brais. O patrimonio do lugar compléto a Torre de Aez que, aínda que non goza do mesmo estado de conservación ca a igrexa, forma parte do catálogo de elementos protexidos e mantén viva a memoria do lugar. A torre, considerada BIC dende o ano 1949, é de planta cadrada, pero só se conserva a fachada norte. A construción fórmana a planta baixa cega e a superior que

presenta un unha gran ventá de aresta viva, con impostas corridas sobre o lintel e sobre el, un escudo nobiliario.

Entre a arquitectura tradicional de Camoira tamén se conservan varios hórreos que nos remontan anos atrás, cando estas estruturas de madeira ou pedra se empregaban para gardar as colleitas de millo e outros cereais. Destaca o Hórreo Maira, de pedra e coa planta típica rectangular que se eleva sobre unha soleira de granito. Presenta cámara de dous claros, con columnas, e unha das paredes penais de

granito. Os laterais péchanse con balaustres de pedra, tallados en bloques de tres ou catro. O tornarratos percorre todo o seu perímetro e conserva unha porta de acceso frontal, sen escaleiras. A cuberta é de lousa a dúas augas con remates decorativos: unha bola e un pináculo. Tamén se encontra o Hórreo de Naveira, de tipo mixto con ladrillo e pedra e planta rectangular, elevado sobre tres cepas de perfil curvo, que se apoian sobre unha soleira de granito. Os laterais están cerrados con ladrillos, que substitúen aos tradicionais listóns de madeira dispostos verticalmente. O tornarratos de cantería percorre todo o seu perímetro e tampouco presenta escaleiras. A cuberta é de lousa a dúas augas, con sobrepenas de granito e unha cruz e a representación dun campanario como elementos ornamentais



AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

Continúa polo suroeste a renovación da praza de Santo Domingo

Os traballos de peonalización de Santo Domingo entran nunha nova fase na que se completará a renovación do pavimento na zona suroeste da praza, no espazo comprendido entre a rúa Armañá e a rúa da Raiña. Deste xeito, a partir do luns, e co obxectivo de que poidan continuar os distintos usos desta concorrida zona durante o transcurso dos labores finais neste tramo, habilitarase un itinerario alternativo.

Deste xeito, a circulación para residentes e persoas usuarias da contorna da Praza de Abastos e a saída de usuarios e usuarias do aparcamento de Praza Santo Domingo desviarase por un carril provisional paralelo á fachada do Convento de San Domingo en dirección a San Marcos, evitando así que os vehículos transiten sobre o espazo que ocupa o aparcadoiro soterrado. Así mesmo, o tránsito peonil discorrerá paralelo a este único carril de circulación. A implementación destes cambios ao longo da xornada do luns contará coa regulación do tráfico por parte da Policía local.

A zona para viandantes será de-

limitada cunha liña amarela na calzada co obxectivo de garantir a seguridade viaria dos transeúntes e axilizar o tránsito vehicular en todo momento. O Concello recorda que, durante a execución do proxecto Corazón Verde e mentres convivan o tránsito peonil co tráfico rodado, é necesario que os e as viandantes utilicen estas zonas acotadas en prol da súa protección. Así mesmo, esta nova fase dos traballos implica a retirada da estrutura do quiosco e o traslado dunha parte da actual zona de acopio de material de obra á rúa do Hospotal.

Pola súa banda, a rúa do Teatro seguirá funcionando en sentido de entrada á Praza de Santo Domingo polo carril non ocupado polos traballos existentes. Neste caso, seguirá sendo o carril esquerdo de sentido de avance cara a Praza Santo Domingo, cuxas tarefas de demolición e pavimentado non están iniciadas. Así mesmo, a saída de vehículos do recinto histórico realizarase, como se vén facendo desde o inicio das obras, pola rúa San Marcos, rúa Bolaño Rivadeneira e rúa Nova.

O servizo de limpeza resolveu 965 incidencias e peticións cidadás

O servizo municipal de limpeza e recollida de residuos Luce Lugo resolveu un total de 965 incidencias e peticións da cidadanía lucense ao longo do 2023. Así o avanzou o concelleiro de Transición Ecolóxica, Miguel Fernández, quen fixo balance das actuacións levadas a cabo durante o pasado ano pola empresa concesionaria do servizo a demanda da veciñanza.

A maior parte das peticións atendidas –o 26,3%– estiveron relacionadas coa recollida de enseres, como mobles ou utensilios domésticos; seguidas daquelas demandas de labores de limpeza viaria –o 22,1%–; e de recollida de residuos sólidos urbanos, como cartón, papel, madeira e en xeral materiais inorgánicos como vidro, plástico e metais, que supuxeron o 8,1% do total.

Do total de incidencias atendidas, o 87,9% foron trasladadas pola cidadanía por vía telefónica median-

te o número de teléfono gratuito –900.90.96.71– que os e as lucenses poden empregar para trasladar todas as incidencias que estimen oportuno; e o 12,1% restante de xeito presencial, a través da oficina de atención cidadá que o Concello habilitou na rúa Clérigos para canalizar as demandas en materia de limpeza viaria e recollida de lixo. Esta oficina atópase operativa de luns a venres, en horario de 09.00 a 13.30 e de 15.30 a 18.15 horas. Ademais, destas dúas vías os cidadáns tamén poden trasladar as súas peticións a través da app 'BitPayt, Lugo Verde nas Túas Mans', das oficinas municipais, e do teléfono de atención cidadá 010.

O obxectivo é que a través dunha maior interacción por parte da cidadanía se alcance unhas maiores cotas de eficiencia e “chegar á excelencia na calidade do servizo de recollida de lixo e limpeza viaria para incrementar a calidade de vida”.

Aumentarán as prazas ao abrir os aparcadoiros de dous institutos

O pleno municipal aprobou a iniciativa do BNG para reclamar apertura de aparcadoiros en edificios dependentes da Xunta. O concelleiro do BNG de Lugo, Alexandre Penas, afirmou que o Concello “é exemplo de como as institucións poden poñer á disposición das veciñas e veciños as infraestruturas públicas, tal e como aconteceu coa apertura ao público, polas tardes, do aparcadoiro do Seminario”. Ese espazo, explica Penas, pasou de estar reservado a persoal do Concello a ser accesible para toda a veciñanza, abrindo un camiño que debe prolongarse para optimizar os recursos públicos dispoñibles para mellorar a mobilidade dentro da cidade, insiste o portavoz do BNG.

A proposta insta á Xunta de Galiza a abrir os aparcadoiros dos IES Virxe do Ollos Grandes e Lucus Augusti e da Facultade de Formación do Profesorado pola tarde nun horario “que non afecte ao uso educativo dos distintos espazos, optimizando o espazo público para o estacionamento de vehículos, e garantindo máis capacidade de estacionamento na contorna do centro da cidade de Lugo”, conclúe o edil do BNG. A proposición foi aprobada co apoio de BNG e PSOE, e coa abstención do PP.



En Lugo existen outros espazos xestionados pola Xunta que poderían ampliar a capacidade de estacionamento na contorna do centro da cidade e que beneficiaría o acceso das veciñas e veciños a esta zona. Para Alexandre Penas “é positivo que se incremente o número de prazas de aparcadoiro na zona do parque e da Avenida Ramón Ferreiro aproveitando os aparcadoiros do IES Virxe do Ollos Grandes, Lucus Augusti e da Facultade de Formación do Profesorado”, na actualidade con prazas reservadas as 24 horas para vehículos autorizados e inaccesibles para o público xeral, explica.

Ao remate do pleno, Arroxo destacou que o Partido Popular “adícase a marxinarse á cidade de Lugo desde

a Xunta de Galiza mentes pide que desde o Concello se asuma máis traballo” e que os debatea arredor das prazas de estacionamento na contorna do centro da cidade “demonstran que o PP non traballa para as e os lucenses”.

O nacionalista tamén lembrou o traballo executado polo Concello, tanto abrindo o aparcadoiro do seminario para toda a veciñanza nas tardes e fins de semana como “planificando as actuacións na vía pública co obxectivo de mellorar a fluidez do tráfico e gañar prazas de estacionamento”, afirmou Rubén Arroxo en referencia aos cambios executados coa peonalización da Mosqueira, que permitiron gañar 105 prazas de estacionamento.

As propostas do PP son o estacionamento en altura e diante das farmacias



O PP propón crear unha rede de aparcadoiros en altura en distintos puntos da cidade para solucionar os problemas de aparcamento de Lugo. Analizou parcelas situadas na contorna da rúa Santiago, da rúa Paxariños e rúa Castelao.

O concelleiro destaca a construción de aparcadoiros en altura en localizacións que levan anos sobre a mesa: na rúa Castelao, detrás do edificio administrativo da Xunta, e en Fontiñas no talude do parque de Os Paxariños, en torno ao número 129, ou ben, na outra zona en desnivel

situada á altura do número 99-105 da avenida.

Solicitan que se habiliten parcelas para facer máis aparcadoiros disuasorios a través de diversas fórmulas, como pode ser a cesión de uso temporal a cambio dalgunha bonificación municipal como a exención do IBI, ou mediante aluguer, adquisición, permuta ou expropiación.

O PP propón tamén crear prazas de estacionamento exprés próximas ás farmacias. A iniciativa conta co respaldo do Colexio de Farmacéuticos.

Cortan un tramo na rúa Río Mosa

Para levar a cabo obras de renovación de vía do tramo Monforte de Lemos-Lugo, Adif ten previsto iniciar algunhas actuacións na estación de Lugo para o que necesita ocupar unha zona de instalacións auxiliares situada na rúa Montero Ríos. Estes traballos implicarán a ocupación dalgunhas prazas de aparcamento existentes, ao redor dunhas 20.

Ademais, será necesario cortar un tramo duns 30 metros da rúa Río Mosa que discorre pegado á vía e que, nun primeiro momento quedará restrinxido tanto para a circulación de peóns como para vehículos, prevéndose que a mobilidade peonil se recupere xa en xuño. Mentres tanto, o acceso ás fincas que hai na zona farase, en dobre sentido desde Camiño da Chanca, desde a rúa Montero Ríos e desde a rúa San Eufrasio.

O Goberno local xa anunciou que habilitará novos estacionamentos na zona. Deste modo, vanse xerar 50 novas prazas na vía que une Serra de Meira coa avenida Infanta Elena, localización situada a menos de 100 metros da instalación de Adif. Ademais, estuda a posibilidade de incrementar novas prazas reordenando os espazos existentes na contorna.

O centro de saúde da Milagrosa terá 6 consultas e unha sala de urxencias

A reforma integral do centro de saúde da Milagrosa contará cun investimento aproximado, por parte do Goberno galego, de 3,1 millóns de euros, para unha superficie duns 1.600 metros cadrados. Así o trasladaron o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, e a directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria, Sofía López Linares. Unha vez aprobados os proxectos básicos e de execución, licitarase a obra neste verán e comezará no 2025.

O obxectivo é dotar o centro de saúde da Milagrosa de 6 consultas de medicina xeral e outras tantas de enfermería; 2 salas de docencia; 1 despacho de traballo social; 2 salas polivalentes; 1 sala de técnicas; 1 de urxencias; e 1 de toma de mostras. Tamén disporá de área de admisión e zonas para o persoal, mellorando espazos existentes como o de coordinación ou sala de xuntas, e incorporando outros novos, como o de sala de estar e vestiario, e as consultas de docencia e as salas polivalentes.

O actual centro de saúde foi construído a finais dos anos 60 como clínica sanatorio e, aínda que a súa estrutura está en bo estado de conservación, faise necesaria a renovación do resto da construción, como son as fachadas e cubertas e tamén procurar a mellora da accesibilidade tanto interior como exterior. Sendo así, a partir do proxecto, que xa está a piques de ser aprobado, cambiárase a distribución das plantas na súa totalidade, reorganizándose e ampliando consultas e zonas de espera, realizando aseos adaptados e zonas de servizos.

Estas melloras cobren “unha demanda da veciñanza e do Goberno local”, asegura Paula Alvarellos. Porén, a rexedora considera “moi necesario” seguir traballando para reforzar a



atención primaria en Lugo. “Tanto con novas dotacións e equipamentos así como garantindo o número de profesionais sanitarios que prestan servizo no noso municipio e mellorando as súas condicións. A cobertura das xubilacións e a perda de médicos de familia continúa a ser un dos problemas máis preocupantes”. Aproveitou a ocasión para destacar a colaboración do Goberno local co autonómico e facilitar a consecución

de espazos onde situar estes equipamentos como foi este caso da Milagrosa, do CIS ou o do Sagrado Corazón. Alvarellos Fondo tamén recordou que máis de 375.000 persoas agardan en Galicia para ser operados, atendidos por un especialista ou para someterse a unha proba diagnóstica. Eses son os últimos datos das listas de espera estruturais da Xunta, que con todo non mostran as chamadas listas non estruturais.

Propoñen Plácido Vila de nome para o edificio

A área socialista do Goberno propón que o centro de saúde da Milagrosa leve o nome de Plácido Vila pola súa inestimable contribución no ámbito da xinecoloxía e da medicina en xeral na nosa cidade.

Plácido Vila López é unha figura da medicina cuxo recordo perdura aínda na memoria de moitos lucenses. Durante moitos anos, Plácido Vila desempeñou o seu labor facultativo en todos os hospitais do municipio, onde supervisou a saúde das mulleres lucenses e axudou

a nacer a miles de nenos e nenas en centro clínicos como o García Portela, o Ollos Grandes, o hospital provincial ou a súa consulta situada en tempo na rúa Castelao. Foi na década dos setenta cando decidiu abrir o seu propio centro médico, onde exerceu ininterrompidamente durante máis de 13 anos, e que estaba situado na rúa Río Ser, ata que este inmueble foi transferido á sanidade pública. É o edificio onde se atopa agora o centro de saúde da Milagrosa.



Actúan en San Eufrasio, rolda do Carme, Cova da Serpe e Angelo Colocci

A Tenencia de Alcaldía mellora a imaxe das entradas á cidade. O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, acompañado polo edil de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, achegáronse ata a rúa San Eufrasio, onde se están a renovar as distintos elementos da rúa. Trátase dunha actuación planificada pola concellería de Infraestruturas para, segundo explicou Rubén Arroxo, “avanzar na mellora dos accesos á cidade, tanto dando unha mellor imaxe como aumentando a accesibilidade e a seguridade das rúas”.

O Goberno de Lugo está a actuar nas rúas San Eufrasio, rolda do Carme e Cova da Serpe, reparando a estrutura e renovando a pintura dos elementos afectados, “unha actuación de baixo custo pero que permitirá dar un bo servizo ás veciñas e veciños, garantindo a seguridade e a accesibilidade na rúa”.

O concelleiro de Infraestruturas animou á veciñanza a facer chegar ao concello súas reclamacións para realizar arranxos nas rúas de Lugo. “Desde a concellería de Infraestruturas planificamos o traballo tanto coa información que nos fan chegar as veciñas e veciños dos barrios”, declarou Arroxo, que engadiu “iso,

xunto coas visitas que realizamos aos distintos barrios permítenos levar a cabo a planificación de traballo que realizamos por toda a cidade”.

Rubén Arroxo, xunto co edil de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, visitaron a rúa Angelo Colocci, onde a área de Infraestruturas está a participar na urbanización do solar localizado na unión coa rúa Avetarda. A concellería de Infraestruturas realiza a urbanización da rúa Túnel de Oural, que actualmente conta cun só carril de circulación, construíndo o segundo carril e a súa beirarrúa. Rubén Arroxo afirmou que “continuamos a traballar na mellora do barrio da Piringalla, garantindo a seguridade viaria e a accesibilidade”.

Nos últimos anos, a Tenencia de Alcaldía rematou a construción da beirarrúa da rúa Avetarda, no treito xa construído, e modificou a mediana de Ángel Colocci xerando máis prazas de estacionamento, “atendendo a peticións veciñais e permitindo ás veciñas e veciños da zona unha mellor accesibilidade e comodidade”.

Con esta actuación, a Tenencia de Alcaldía completa a mellora da rúa Avetarda, mellorando tamén a imaxe do barrio.

Adaptan o horario dos colectores de lixo no centro histórico

O servizo municipal de limpeza adaptará o horario de colocación dos colectores para a recollida de lixo no centro histórico. O obxectivo desta lixeira variación do sistemas é adecuar o servizo ás necesidades das distintas actividades que se desenvolven en este punto neuráxico da cidade. A empresa fará unha sectorización do espazo para deseñar a programación. No caso das rúas cunha maior presenza comercial, adiantarase sobre media hora o inicio da instalación dos colectores. Así, na franxa horaria do peche dos comercios terán todos os contedores prestando servizo.

Librería **Troll**

MES DE LA LECTURA Y ESCRITURA

Síguenos en

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T/F: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

Mes de las Flores
Mayo

FLORISTERÍA
ROSE FLOR

San Roque, 173 Bajo - Lugo
982 223 504 • 680 453 401
ros3-flor@hotmail.com

FLORES Y PLANTAS
A DOMICILIO



Repoñen as camas elásticas do parque infantil de Campo Castelo

O Concello de Lugo repón as dúas camas elásticas do parque infantil de Campo Castelo que foron vandalizadas. “Completamos os traballos de substitución das camas afectadas e, así mesmo, xa se levou a cabo a retirada do valado instalado para evitar riscos de caídas, polo que xa se atopan novamente a disposición dos cativos e cativas”, anunciou o edil de Transición Ecolóxica, Miguel Fernández.

O concelleiro pediu novamente colaboración á cidadanía para respectar os espazos públicos e lembrou que

o custo do vandalismo “pagámolo entre todos”. Por iso, é importante “chamar á responsabilidade e que sexamos conscientes de que Lugo é a nosa cidade e debemos contribuir a coidar dela e non a estragala. Como comunidade debemos denunciar calquera acto de vandalismo”, apuntou.

O responsable de Transición Ecolóxica insistiu en “apelar á concienciación cidadá para evitar que no futuro se repitan situacións como a acontecida neste parque recentemente renovado”.



O PP pide que se mellore o Parque Marcos Cela, preto de Magoi

O PP pide unha limpeza profunda das pintadas, reparación de vallas rotas e revisión de arborado no Parque Marcos Cela, onde lamentan a falta de mantemento e o abandono, destacando a mala imaxe que ofrece a caseta que hai na entrada á zona verde na rúa de Magoi: “Está chea de pintadas que se converteu nunha zona onde se cobren os sen teito ou se celebran botellóns”.

Tamén reclaman a reparación das varandas que hai no interior deste bosque urbano; a revisión do arborado; reparación dos dous miradoiros deste entorno e a renovación das travesas da escaleira que comunica os paseos interiores co parque infantil da Avenida de Magoi e a limpeza

da fonte do Pilar. “A intervención nos camiños é outra prioridade xa que as chuvias arrastraron o pavimento e hai zonas en moi mal estado”, din. Este parque foi inaugurado en 2005 e trátase dunha zona moi frecuentada pola veciñanza que se utiliza como atallo para chegar á zona do Miño.

Con respecto ao parque infantil de Marcos Cela, din que é urxente a renovación do pavimento de caucho que ten fendas de varios centímetros que supoñen un risco para os cativos que xogan nel. Os populares explican que esta zona de xogo se fixeron uns parches para arranxar o pavimento pero esta solución provisional empeorou o seu estado.

A nova residencia de maiores comeza a funcionar este mes

Está previsto que a residencia de maiores de Lugo, froito da colaboración do Goberno autonómico e a Fundación Amancio Ortega (FAO), comece a recibir os primeiros usuarios este mes de maio. Así o asegurou durante o acto de entrega da segunda residencia, situada no barrio lucense da Residencia, en compañía da presidenta da Fundación, Flora Pérez Marcote, e da conselleira de Política Social e Xuventude en funcións, Fabiola García.

Esta nova residencia, financiada integralmente na súa construción e equipamento pola FAO e que levará o nome de San Antonio de Padua, entrégase chave en man á Xunta para integrarse na rede pública, segundo o Convenio asinado o 13 de novembro de 2019 co Executivo autonómico. O centro, executado segundo o modelo creado por Elsa Urquijo Arquitectos, conta con 120 prazas —distribuídas en 42 habitacións dobres e 36 individuais—, zonas de atención especializada —con salas de terapias e consultas médicas— e servizos de comedor, podoloxía, ximnasio, lavandería ou salón de peiteado, entre outros.

Unha mostra do carácter vangardista do centro son as unidades psico-



xerátricas coas que conta, para a atención ás persoas con alzhéimer e outras demencias. Con este novo centro, contan xa con prazas públicas máis de 15.000 persoas en Galicia, máis do triplo que en 2009. En total, a aportación da FAO para o proxecto das sete residencias en Galicia é de 180 millóns de euros, superior a cantidade prevista inicialmente, debido á calidade do proxecto construtivo e o carácter vangardista do equipamento instalado, e suporá a creación de máis de 800 empregos.

900 PRAZAS. A alcaldesa de Lugo indicou que a posta en marcha da residencia San Antonio de Padua vén a cubrir unha carencia histórica na nosa cidade. “Debemos recordar

que en Lugo no se crea unha praza pública por parte da Administración autonómica desde fai 40 anos, polo que a vontade amosada pola Fundación significa unha contribución enorme para as e os lucenses”.

Definiu a aportación do proxecto á cidadanía galega como “abraiante”. “Estamos a falar de 900 prazas postas ao dispor dos galegos e galegas que axuda enormemente a paliar o déficit de máis de 14.000 prazas en residenciais que sufrimos en Galicia”, explicou. E aproveitou a ocasión para destacar o eixo sobre o que pivota toda a xestión municipal: as persoas. “Ningún lucense pode quedar atrás, a atención ás nosas persoas maiores é e seguirá sendo unha prioridade para o Goberno”, dixo.

Continúa a mellora do alumeadado público con novos puntos de luz

A Tenencia de Alcaldía continúa coa mellora do alumeadado público instalando novos puntos de luz no centro da cidade. O concelleiro de Infraestruturas Urbanas do Concello de Lugo, Alexandre Penas, explica que o Goberno de Lugo traballa “na mellora da eficiencia enerxética e na redución de zonas escuras para garantir a seguridade en todas as vías”. Nos últimos días instaláronse novos puntos de luz na praciña do colexio, unha zona que non contaba con alumeadado público.

No ano 2023 foron 82 as rúas nas que se actualizaron as luminarias, “cunha instalación de máis de 1291 puntos LED que potencian a baixada de consumo e fomentan a eficiencia”, explicou. Dende a chegada ao Goberno do concello de Lugo, “continuamos a traballar na redución do gasto público ao tempo que a veciñanza de Lugo pode desfrutar dun alumeadado eficiente”, o que pasa por aumentar cada ano o presuposto orzamentario destinado á actualización das luminarias, que dende o 2021 pasaron de 16.089 puntos de luz aos 16.914 totais a finais do pasado ano.



Milagrosa e As Gándaras

Estase a traballar agora na Milagrosa, renovando a rúa Menorca e a praza da Milagrosa, e na rúa Venancio Senra e na súa contorna, renovando tamén as luminarias das rúas Carballo, Fontaneira, Pradairo, Fonmiñá, Nogueira, Agro do Monte e Agro do Granxeiro

Os traballos consisten na substitución das luminarias antigas de Vapor de Sodio, instalando puntos de luz Led, o que permitirá un importante aforro enerxético de máis de 22.000 kWh ao ano. O alumeadado permitirá unha maior harmonización da con-

torna, ao ser unha luz uniforme en toda a trama e ao unificarse a temperatura de cor. Con esta actuación mellorarase tamén a uniformidade lumínica, eliminando zonas escuras. Na contorna das Gándaras renováronse tamén os elementos eléctricos, como os condutores e as caixas. Os criterios utilizados á hora de realizar estas actuacións son a recuperación das luminarias existentes adaptándoas ás novas tecnoloxías, reducir os residuos xerados e os custos de implantación e a renovación do resto de elementos.

DEPUTACIÓN

Urxen á Xunta investimentos para a atención ás persoas maiores

O Pleno da Deputación reclámalle á Xunta de Galicia un plan de investimentos específico para a atención ás persoas maiores na provincia de Lugo que contemple a achega económica para sustentar o sistema desenvolvido pola Deputación e impulse as medidas necesarias para reformar os actuais centros que así o precisen e a construción doutros novos. A iniciativa do Goberno saíu adiante estes martes cos votos a favor do PSdeG e do BNG, e en contra do PP.

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, criticou que o pasado 4 de abril a Xunta de Galicia anunciou a súa intención de desenvolver un paquete de medidas dedicadas á construción de novos centros de maiores. Explicou que, segundo a Xunta, o investimento total desta iniciativa suma 18,5 millóns de euros, que se concretarían en 24 medidas a desenvolver noutros tantos concellos galegos, pero Rivera desmontou este anuncio dos populares. “A Xunta de Galicia repartiú a dedo entre concellos afíns 18,5 millóns que son do Goberno do Estado para residencias. Estes son datos obxectivos e sacados da resolución publicada pola Xunta, e non mo poden negar”, afirmou lamentado que a Xunta non explique de onde veñen os fondos. Apoiado en infografía, explicou que deses millóns, máis do 64% vai a unha soa provincia; e dos 24 concellos nos que se vai actuar, 15 están gobernados polo PP, 10 deles en Ourense.

Rivera lamentou que o PP non coñeza a Rede Provincial de Centros de



Atención a Maiores que a Deputación ten en funcionamento no rural da provincia de Lugo. “No Partido Popular teñen unha alta capacidade para difundir bulos e mentiras, pero as nosas residencias son públicas e sei que é un tema que lles doe e lles escoce, pero é así. Son públicas”. “Eu creo que é bastante obvio que queramos que a Xunta se implique no proxecto, non llas queremos entregar, pero ten que exercer as competencias da Lei de Dependencia como se refire no artigo 64. Ten que pagar o que debe”. “Se de algo estou orgulloso é do proxecto de residencias desta Deputación de Lugo”, afirmou ao final do debate da moción.

Así mesmo, tamén saíu adiante unha moción socialista para esixirle ao voceiro do Grupo Popular na Deputación Provincial de Lugo, Antonio Ameijide Osorio, que rectifique e pida desculpas aos veciños e ás veciñas da provincia e de Monforte de Lemos, así como ao Presidente da Deputación e á Corporación provincial “polas mentiras, as manipulacións e a desinformación sobre os

motivos reais do traslado do Craega de Monforte a Lugo, xerando un discurso paralelo e inventado”.

A voceira do Goberno, Pilar García Porto, apuntou que Ameijide non “dubidou en mentir, manipular e desinformar para tratar de quitar rédito político a partires dun problema que creou o propio Partido Popular en colaboración co presidente do Craega, Francisco López Valladares”. Afirmou que tanto a Deputación coma o Concello de Monforte actuaron sempre “con lealdade, transparencia e respecto á verdade. O certo é que as esixencias ao redor do uso exclusivo do Pazo de Tor foron só a cortina de fume deseñada a posteriori coa que se tentou agochar e obter rédito político dunha decisión tomada de antemán, de costas ao Concello, co visto e prace do ex Conselleiro do Medio Rural e da propia voceira do Partido Popular en Monforte. Sempre con criterios partidistas a prol do PP e de costas ás necesidades reais dos produtores ecolóxicos da provincia de Lugo e de Galicia”.

Arranca unha nova tempada das rutas gratuítas do románico

A Deputación de Lugo organiza por cuarto ano consecutivo as rutas gratuítas para conmemorar o Día da Transrománica, que se celebra o 9 de maio coincidindo co Día de Europa. O programa, que arranca a vindeira fin de semana en Antas de Ulla, ofrece un total de 17 visitas guiadas para poñer en valor o patrimonio románico da provincia que terán lugar ao longo de cinco xornadas no mes de maio.

As visitas faranse os días 4, 5, 9, 11 e 12 de maio e estarán dirixidas por un guía oficial de turismo. Cada itinerario conta cun máximo de 20 prazas, polo que no conxunto do programa ofértanse un total de 340 prazas. As rutas non inclúen servizo de transporte, polo que os participantes deberán desprazarse por conta allea ata o lugar onde se desenvolve cada un dos itinerarios. Para participar é preciso realizar previamente as inscricións a través da web <http://inscricions.deputacionlugo.org> dende este mesmo luns, 29 de abril, ata completar o aforo. As persoas interesadas tamén poderán anotarse chamando aos teléfonos 982.260.011 e 982.260.234, ou dirixirse ao correo electrónico romanico@deputacionlugo.org

A Deputación de Lugo ingresou no 2020 na Ruta da Transrománica, recoñecida oficialmente co selo de Itinerario Cultural do Consello de Europa, o que situou ao románico

lucense no nivel máis alto de recoñecemento europeo.

PROMOCIÓN EUROPEA. A Ruta Transrománica está recoñecida oficialmente co selo de Itinerario Cultural do Consello de Europa e trátase dunha das principais rutas culturais paneuropeas. Está integrada por rexións de 9 países da Unión Europea -Austria, Alemaña, Francia, Italia, Romanía, Portugal, Serbia, Eslovaquia e España- e aglutina un conxunto de monumentos románicos, moitos deles Patrimonio da Humanidade pola Unesco. A provincia de Lugo é o terceiro lugar de toda España que forma parte desta entidade, despois de Castela e León, co mosteiro de Santo Domingo de Silos, e a cidade de Zamora, e conta na súa ruta con 10 igrexas de arte románica situadas noutros tantos concellos da Ribeira Sacra: o mosteiro do Divino Salvador, en Ferreira de Pantón; a igrexa de San Xoán da Cova, en Carballedo; a igrexa de Santa María de Nogueira de Miño, en Chantada; a igrexa de San Pedro de Ribas Altas, en Monforte de Lemos; a igrexa de San Facundo de Ribas de Miño, en Paradelas; a igrexa de San Nicolás ou San Xoán, en Portomarín; a igrexa de Santa María de Torbeo, en Ribas de Sil; a igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño, no Saviñao; a igrexa de Santa María de Proendos, en Sober; e a igrexa de Santa María de Taboada dos Freires, en Taboada.

VISITA AO PAZO DE SAN MARCOS



O deputado de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, Miguel Fernández Méndez, recibiu no Pazo de San Marcos a un grupo de alumnos e alumnas de 3º da ESO do IES A Pinguela, de Monforte de Lemos; do IES La Marina de Santa Cruz de Bezana, de Cantabria; do IES Las Salinas de Arrecife, de Lanzarote; e do IES Valle del Segura de Blanca, de Murcia. Esta viaxe forma parte dun programa promovido polo Ministerio de Educación e está enmarcado nun proxecto de traballo sobre diversidade medioambiental e uso sostible da auga nas distintas provincias.

O programa Xunt@s seguirá visitando os concellos da provincia

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, abriu en Monforte de Lemos a conferencia *Promoción da saúde e proxecto de vida* no marco do programa Xunt@s que a institución provincial está desenvolvendo nos concellos da provincia dende principios de ano.

José Tomé salientou o éxito deste programa de actividades gratuítas de lecer e formación que percorrerá ata o mes de xuño 25 concellos lucenses.

“Xa participaron 1.000 veciños e veciñas da provincia, o que nos dá boa mostra de que funciona e de que estamos dando resposta ás ne-

cesidades e intereses que ten a nosa poboación”, subliñou.

A iniciativa, explicou, busca favorecer o envellecemento activo, enriquecer a oferta de ocio e cultural dos concellos, e mellorar a calidade de vida e benestar da veciñanza, o que contribúe a fixar poboación.

“O programa Xunt@s e o traballo que fai a Real Academia de Medicina de Galicia son un bo exemplo de como cambiou a forma de concibir a atención sanitaria e o propio envellecemento. A saúde non consiste só en tratar as enfermidades, senón en actuar para previlas, en potenciar os hábitos saudables, no exercicio, na

boa nutrición ou o lecer activo”, salientou ao inicio da conferencia celebrada no Centro Cívico de Monforte. O mandatario provincial afondou en que “as mellores condicións de vida fixeron que a esperanza de vida se fose alongando. Vivimos máis tempo, e debemos procurar que sexa tempo con calidade de vida. Con este compromiso traballamos cada día dende o Concello de Monforte, e tamén dende a Deputación de Lugo, para proporcionar servizos públicos de calidade que favorecen o benestar das persoas. Como se adoitaba dicir: darlle anos á vida e vida aos anos”.

O taller de emprego acondiciona o Camiño da Igrexa no centro



Os alumnos e alumnas do obradoiro de emprego Cumes da Terra Chá VII están a realizar durante a súa estadía a mellora do Camiño da Igrexa na localidade de Friol como parte da actividade formativa.

Nesta actuación realizan traballos de acondicionamento, limpeza e mellora tanto do camiño como da fonte existente nesta contorna.

O alcalde, José Ángel Santos visitou os traballos e agradeceu aos traballadores "o seu labor e bo facer neste proxecto".

Este mesmo grupo realizou tamén os traballos de humanización da praza Curros Enríquez e datas recentes, que consistiron no nivelado coa beirarrúa, o empedrado da zona e a colocación de luminarias, entre outros traballos.

A Xunta entrega a rede de saneamento de Roimil



A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia fixo a entrega ao Concello de Friol das instalacións da nova rede de saneamento no núcleo de Roimil.

En breve a propia Consellería licitará o proxecto para a acometida eléctrica que dará servizo a depuradora, unha vez rematada a conexión eléctrica. "Desde o Concello poñeremos a rede de saneamento a disposición dos veciños para que efectúen o correspondente entronque das vivendas", explicou o alcalde.

Esta actuación, cun prazo de execución de 6 meses, tiña como obxectivo estender a rede de saneamento e depuración de augas residuais aos lugares do Campo da Feira, O Pazo, Currás e A Penagateira. A rede de saneamento proxectada

componse dunha condución principal, 2 colectores que verten ao principal e recollen sendas rúas do núcleo, e 4 ramais secundarios. A rede complétase con 59 pozos de rexistro.

Coa rede están beneficiadas 20 vivendas, que reúnen unha poboación equivalente de 200 habitantes.

A intervención enmárcase no convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Friol. A Xunta financiou esta actuación nun 80%, ademais de encargouse da contratación e da construción da rede de colectores necesarios para evacuar as augas residuais ata o sistema de depuración previsto, que está formado por unha depuradora de oxidación total.

Friol prepara a sexta edición do Friulio para os días 11 e 12 de maio

O Concello de Friol e a Asociación de Recreación Histórica A Castronela organizan unha nova edición do Friulio, un encontro entre asociacións castrexas e romanas que recrearán durante a fin de semana do 11 e 12 de maio os modos de vida, costumes e crenzas de ámbalas dúas culturas. En total este VI Friulio contará coa participación de máis de 30 asociacións de recreación histórica, música tradicional e divulgación cultural, coa colaboración das asociacións culturais de Friol, contando coa participación directa de máis de 500 persoas entre figurantes e outras funcións arredor desta festa de recreación histórica.

As actividades principais da festa volverán estar ubicadas en torno ó paseo fluvial, co establecemento do castro galaico, onde se manterá a recreación de oficios, e o campamento romano. Ambos asentamentos son os grandes reclamos do Friulio e poderán ser visitados desde as 11:00 da mañá do sábado ata as 8 do serán do domingo.

O programa de actividades inclúe desde a recreación da vida nun cas-



tro ata a elaboración do pan que utilizaban as milicias romanas nos seus desprazamentos, a elaboración do queixo de Friol, desfiles de tropas romanas, ou demostracións e obradoiros de teares castrexos, orfebrería, fiado, coiro, barro e pintura castrexa, tiro con arco e macheta, xogos populares e gastronomía castrexa. Pola parte romana tamén veranse obradoiros de alimentación e medicina, armaduras, cuñado de moedas e comercio.

O Asedio ao Castro volverá ser o momento máis espectacular do Friulio,

onde se recreará o asalto das tropas romanas aos castros que existían nas terras de Friol. Outras representacións desta edición serán a Escaramuza Castrexo-Romana e o Descenso en balsa do río Narla o sábado pola tarde; e a Voda Celta e a Liorta polo Tesouro do Castro o domingo. A música volverá ter unha grande importancia este ano, coa actuación de diferentes grupos folk en distintos puntos da vila, como Xesta Verde ou Tympana Gallaica. Na noite do sábado celebraranse as actuacións dos grupos Astarot e Rock Legend.

A vila prepárase para a Festa do Porco Celta, que será o 4 de maio

Un ano máis, a Festa do Porco Celta de Friol celebrarase no pavillón municipal de Friol e esta vez será o día 4 de maio, na que é a sexta edición.

De novo, participarán produtores deste animal que o que buscan é poñer en valor a calidade da carne deste porco de antiga raza e promocionar aos criadores da zona de Friol, xa que esta raza porcina é a única autóctona de Galicia de protección especial e en perigo de extinción.

Espérase bastante afluencia de público, como nestes últimos anos. Haberá unha cea, que constará dun menú baseado neste tradicional alimento, e unha orquestra que amenizará a noite. Este ano consistirá en caldo de ósos e cocido, O programa dará comezo ás 16.00 horas co campionato de tute. Este está reservado para as persoas que participen na cea e a súa inscrición é gratuíta.



Ás 20.00 horas abrirá unha exposición e venda de produtos de porco celta e media hora despois haberá unha demostración de corte de xamón. Ás 21.30 horas dará comezo a cea, cun picoteo de benvida. Haberá tamén un sorteo de produtos de porco celta. O tickets para a cea xa están á venda ata o 28 de abril a un prezo de 25 euros con mesa reservada para os grupos numerosos.

San Miguel de Pedrafita convoca os seus primeiros Cantos de Taberna

San Miguel de Pedrafita prepara o seu primeiro certame de Cantos de Taberna na honra da virxe das Virtudes. A cita terá lugar o vindeiro 11 de maio a partir das 17.30 no Campo da Festa. O canto, a música e o baile tradicional será os principais protagonistas desta cita que ten como principal obxectivo sacar a bailar ao maior número de xente posible.

Os grupos deberán estar formados por entre 4 e 15 persoas e contarán con 20 minutos. O repertorio estará formado por composicións tradicionais e maiormente cantadas. Os membros da asociación de Pedrafita encargaranse de valorar individualmente os grupos para determinar os gañadores.

Os que queden en primeira posición recibirán 300 puntos, mentres que os segundos e terceiros clasificados faranse con 200 e 100, respectivamente. Os interesados en participar xa poden inscribirse a través do 698 175 347.

Rehabilitarán a través dun plan os camiños das parroquias da parcelaria

O Concello de Castro de Rei inicia o procedemento de licitación para executar un plan de rehabilitación de camiños en zonas de reestruturación parcelaria da Xunta de Galicia, tal e como informou o alcalde, Francisco Balado. Neste proxecto acometeranse actuacións en distintas zonas de concentración parcelaria do Concello, entre as que se citan varias parroquias. Unha delas é a de Bazar, na que se actuará nos lugares de A Mudia, As Penelas e Cornide. Así mesmo afectará a Ponte de Outeiro e Pacios, concretamente na zona da Ponte, desde a LU-120 ata Pacios.

En Ramil está previsto que actúen no Caxigal e Medianeiros e na parroquia de Balmonte estarán na zona da Igrexa, Vilaseñor, A Valiña e Zacariade. Finalmente, tamén teñen previstas actuacións en San Martiño de Goberno, concretamente nos lugares de Anoca, Outeiro e Ameixide.

A actuación deste plan ten un orzamento de 199.377,50 euros



e consistirá principalmente nun dobre tratamento bituminoso de asfalto que se aplicará sobre todas as vías de titularidade municipal con regularización nas zonas nas que o firme estea máis deteriorado, así como a limpeza de cunetas.

A Deputación investirá tres millóns de euros en varias estradas do rural

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou investimentos que suman preto de 3 millóns de euros para a mellora da mobilidade na provincia. O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, detallou que estes fondos irán destinados á mellora de tres estradas provinciais ao seu paso polos concellos de Castro de Rei e de Antas de Ulla, e á conservación e mantemento da Rede Viaria Provincial.

Por unha banda, licitouse a obra de acondicionamento dun novo tramo do Cinto Comarcal, a estrada LU-P-1611, ao seu paso polo concello de Castro de Rei, entre os quilómetros 93,665 e 94,395. Cun investimento de 85.000 euros para a drenaxe, fresado da vía, estendido de aglomerado en quente e reposición da sinalización. O prazo de execución será de 3 meses desde que se inicien os traballos.

“A Deputación leva dedicados máis de 3,3M€ ó Cinto Comarcal de Lugo dende que José Tomé Roca é Presidente desta institución”, sinalou o Deputado, para quen “demostra ben o esforzo investidor enorme que está facendo esta institución provincial na mellora e conservación desta estrada”. Lembrou que o Cinto Comarcal conta con 131 quilómetros de lonxitude, que, polas súas características, “debería ser de titularidade da Xunta de Galicia, como xa temos reivindicado en moitas ocasións”.

Licitada tamén por preto de 150.000€ a mellora da LU-P-1105, de Ponte de Outeiro a Quintela, no tramo que vai do quilómetro 3,365 ó 6,003. Uns traballos que consistirán na reapertura das cunetas, na pavimentación con aglomerado en quente e na reposición da sinalización. Terán un prazo de execución de 3 meses desde o inicio das obras.

EN BREVE

CD CASTRO. O CD Castro mantendrá entre o 1 e o 30 de maio unhas xornadas de portas abertas para dar a coñecer o club e a práctica do fútbol a todos aqueles que queiras achegarse ata o campo municipal Arturo Pereiro. Así, os interesados poder ver adestramentos ou participar neles previa comunicación á dirección do club no teléfono 627 903 692. Estas xornadas están abertas a todas as categorías de base tanto masculinas como femininas, que teñan como data de nacemento entre o 2019 e o 2009. O obxectivo é incentivar o interese dos pequenos por este deporte e reforzar as liñas do club para a próxima tempada.

VILADONGA. O Museo do Castro de Viladonga ofrecerá os sábados 4 de maio e 1 de xuño un obradoiro de cerámica castrexa impartido por Sandra Obarrio da Fundación Terra Termarum de Cuntis. Este obradoiro terá un horario o primeiro día de 11 a 14 e de 16.00 a 18.00 horas coa elaboración e decoración dunha peza e o día 1 levarase a cabo a cocción das pezas en forno aberto. Pódense facer as inscricións chamando ao teléfono 982 870 160. E terán prioridade as persoas que non o teñan realizado noutras convocatorias.

o corgo

O PP denuncia o estado do paseo fluvial da Fervenza desde Lugo

O portavoz do Grupo Provincial Popular, Antonio Ameijide, tras percorrer o paseo fluvial Fervenza, entre Lugo e O Corgo, de máis de 20 quilómetros á beira do Miño e paralelo á estrada LU-P-2904, lamenta “o mal estado da ruta que supón un perigo para os usuarios e dá unha mala imaxe da provincia aos nosos visitantes”. O popular chama a atención do goberno provincial para “acondicionar esta ruta moi empregada polos lucenses para pasear ou facer deporte que no seu día foi un orgullo para a Deputación – unha senda á beira do Miño que conectaba muíños e illas, cruzando o río Chamoso e o Rato-, pero que agora PSOE e BNG teñen abandonada”. Asegura que a maleza está a invadir o sendeiro “que antes tiña 2 metros de ancho”.

Nestes momentos, o paso “está cortado polas silvas ou por árbores caídas que imposibilitan o paso, polo menos, en catro puntos diferentes”. Pide mellorar o estado deste



sendeiro e “levar a cabo o correcto mantemento da totalidade das rutas de titularidade da Deputación”. Esta ruta sitúase nun dos corazóns verdes do centro da provincia e constitúe un recurso incomparable para achegarse á natureza, ao río e favorecer a práctica dunha vida activa.

“Xa existía a ruta, pero o goberno de Tomé, de PSOE e BNG, non só non é capaz de continuar poñendo en valor os espazos naturais da provincia, senón que nin sequera mantén

minimamente os espazos herdados que temos e que son competencia da Deputación de Lugo”.

Ameijide subliña que “as rutas provinciais deberían estar debidamente acondicionadas para o seu uso durante todo o ano, pero máis aínda agora: xa estamos en plena primavera, época na que se incrementa a actividade ao aire libre, e cando xa pasou Semana Santa e se aproxima o verán, que é outra temporada alta para o turismo”.

O Día da Xuventude celebrárase o 11 de maio

Castro de Rei participará na celebración da segunda edición do Día da Xuventude, no que haberá actividades diversas que buscan a participación activa da mocidade.

Así, están previstos obradoiros de gastronomía saudable, habilidades para a empregabilidade, sensibilización medioambiental, igualdade de xénero, arte urbana, actividades de

lecer educativo como fútbol burbulla, fútbol humano, tiro con arco, lego e escape box. Completarase a programación coa actuación musical dalgún artista local ao finalizar a xornada.

Será o sábado 11 de maio na praza Maior de Castro de Rei en horario de tarde. Está dirixido principalmente para a mocidade entre 12 e 35 anos.

UNED SÉNIOR



45 alumnos da UNED Sénior da Coruña visitaron o Castro de Viladonga acompañados polo Coordinador do colectivo, o padre Patiño. Acollidos no centro pola súa dirección, o alumnos, procedentes moitos das zonas de Guiriz e Xermade, primeiro viron un vídeo de todo o Castro e as súas peculiaridades e despois visitaron todo o Castro acompañados polas explicacións do Arqueólogo Diego.

Convocan un curso de reciclaxe de socorrismo

A Xunta, a través da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp), abriu o prazo de matrícula nun curso de reciclaxe de socorrismo con 35 prazas que acollerá Outeiro de Rei no mes de xuño. Vai dirixido a profesionais que desenvolven a súa actividade en instalacións acuáticas e serve para renovar a inscrición no Rexistro profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia.

A formación será de carácter presencial, terá 16 horas de duración e impartirase os días 21, 22 e 23 de xuño en horario de mañá e tarde. Está incluída nunha convocatoria de tres cursos de reciclaxe de socorrismo publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG). Os outros dous serán na Estrada (para persoal que exerce en instalacións acuáticas) e Sanxenxo (en espazos naturais).

Estes cursos enmárcanse no plan de formación previsto pola Agasp para 2024 dirixido ao persoal dos servizos de emerxencias que actúan en Galicia, entre os que figuran os profesionais do socorrismo.

A oitava xornada viaxeira do Xeodestino será o sábado 4

A oitava xornada viaxeira Descubrindo a Comarca de Lugo e as Terras da Ulloa con Guido Guía será o sábado 4 en Outeiro de Rei.

José Pardo (alcalde do Concello de Outeiro de Rei), Begoña Seco (concelleira de Cultura de Outeiro de Rei) Lorena López (xerente do GDR 4 e do Xeodestino Comarca de Lugo e Terras da Ulloa), e Guido Álvarez (impulsor do proxecto Guido Guía) foron os encargados de presentar esta edición, na que volverán a reunirse historia, cultura, natureza, gastronomía e música tradicional.

Cesión dun treito da LU-P-3907

O Pleno da Deputación aprobou transferir a titularidade ao Concello de Outeiro de Rei dun treito de máis de dous quilómetros da LU-P-3907, que comunica a parroquia de Arcos co polígono do Ceao.

Trátase en concreto do tramo que vai da intersección desta vía provincial coa LU-P-3906 –de Bonxe a Rozasata o límite municipal co concello de Lugo. É un tramo con moito tráfico porque é onde se sitúa un complexo deportivo.

O Matela reclama ao Concello o arranxo das súas instalacións

A Agrupación Deportiva Matela fixo chegar ao Concello de Outeiro de Rei unha reclamación na que solicita que se melloren as instalacións deportivas que teñen.

O club foi fundado en 1987, sendo un dos equipos máis antigos do concello, e ten na actualidade como campo de xogo o Municipal de San Lourenzo de Aguiar, sendo o único equipo de fútbol federado do Concello de Outeiro que xoga os seus partidos como local nunha parroquia rural.

Dende a Agrupación Deportiva Matela denuncian “o abandono e o desleixo que o noso campo de xogo, de propiedade municipal, leva padecendo por parte do Concello de Outeiro de Rei dende hai moitos anos, así como as precarias condicións nas que temos de desenvolvernos para poder adestrar a diario ou xogar os nosos partidos como locais”.

Segundo explican tanto os accesos ao campo, como o propio campo de xogo ou os vestiarios de árbitro e xogadores non comprenden para nada os



mínimos parámetros de dignidade para a práctica deportiva, chegando incluso a ter elementos que non comprenden a lexislación vixente neste momento. “Esta situación resulta insoportable para xogadores, tanto locais como visitantes, así como para os afeccionados, transmitindo ademais unha imaxe vergoñenta do Concello cara as persoas que nos visitan”, engaden.

Aseguran que o alcalde é perfectamente coñecedor desta situación dende hai anos, “non facendo ab-

solutamente nada para evitala, máis ben ao contrario, pois nin sequera se lles permite aos xogadores do Matela adestrar nin xogar no outro campo de fútbol municipal, que si están nunha situación moito mellor e no que si se lles permite adestrar a equipos de fóra do concello e mesmo facer torneos”, protestan.

Ante esta situación, presentaron un escrito ao Concello de Outeiro e aos grupos municipais presentes na Corporación explicando toda esta problemática e pedindo axuda urxente.

PSOE pide unha ordenanza de benestar animal

A agrupación socialista levará ao Pleno municipal deste mes unha moción pedindo ao alcalde que proceda á aprobación inmediata dunha ordenanza de protección e benestar animal. Así o informou a voceira do PSOE de Outeiro, Carmen Acacio, quen engadiu que o seu partido pedirá que a normativa a redacte un grupo de traballo no que participen os axentes sociais representativos e que se “articulen os fondos necesarios para o seu desenvolvemento”.

“Nun concello de 5.300 habitantes como o noso é inconcibible que non haxa instalacións para acoller animais extraviados ou abandonados, nin protocolo de recollida e coidado, nin control das colonias felinas, nin campaña de esterilización cirúrxica, nin xestión destas colonias”, subliñou Acacio. Para a voceira socialista, unha ordenanza “é un instrumento idóneo” no que recoller os dereitos e obrigas dos veciños e veciñas con respecto ás súas mascotas e animais de compañía.

Convocada a terceira edición do concurso de composicións musicais

Casa-Museo Manuel María vén de facer públicas as bases da segunda edición do Concurso Manuel María de Composicións Musicais. O certame ten por obxecto premiar a mellor canción lírica, para voz e piano, escrita sobre un poema de Manuel María.

O concurso está aberto á participación de todas as compositoras e compositores que o desexaren, tendo de prazo até o 15 de xuño. As composicións deberán ser orixinais, inéditas, sen estrear e cunha duración máxima de cinco minutos e mínima de dous minutos e medio. A canción presentada terá que ser sobre un poema, de libre elección da persoa concursante, de entre todos os escritos por Manuel María e estará clasificada dentro da modalidade de canción galega.

Na presente edición as composicións estarán escritas para voz de mezzo-soprano con acompañamento de piano, estando previsto que isto cambie todos os anos, xa que o pasado foi para soprano.

O certame convocado conta cun

único premio en metálico de mil euros para a composición gañadora ao que hai que engadir a publicación das partituras das persoas finalistas e a súa distribución gratuita a todos os Conservatorios de Música de Galicia.

O concurso desenvolverase en dúas fases de xeito que na primeira o xurado seleccionará un máximo de cinco cancións finalistas que pasarán a unha segunda fase e que se fará público o 15 de xullo. Na fase final determinarase a canción gañadora entre as designadas como finalistas na primeira fase. Para iso levarase a cabo un acto con concerto público que terá lugar no Auditorio da Casa-Museo Manuel María no mes de outubro. No propio acto, após a correspondente deliberación, o xurado dará a coñecer a canción gañadora.

Manuel María é o poeta máis musicado despois de Rosalía de Castro. Os seus versos foron cantados nos máis diversos estilos musicais desde a música tradicional e interpretada por voces e grupos galegos.

Néstor Rego urxe ao Ministerio de Transportes actuacións na N6 entre Baamonde e Outeiro de Rei



O deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, rexistra iniciativas na cámara baixa para demandar ao Ministerio de Transportes levar a cabo actuacións previstas na N6 no tramo Baamonde-Rábade-Outeiro de Rei. No marco da campaña impulsada pola organización nacionalista en Lugo para o arranxo das infraestruturas viarias, Rego sinala a necesidade de iniciar unha rehabilitación integral desta vía para impedir que se sigan a producir accidentes neste tramo.

Segundo os últimos datos feitos públicos no último informe da Fundación RACE o maior punto negro viario do Estado español é o traxecto da N6 entre Rábade, Outeiro de Rei

e Baamonde. No concreto, entre os puntos quilométricos 517 e 528. Neste tramo, lembra a organización nacionalista, rexistráronse até tres accidentes graves con feridos e unha persoa falecida.

Ante esta situación, e no marco da campaña “Arranxo xa das nosas estradas” impulsada en Lugo polo BNG, o deputado do BNG no Congreso rexistra iniciativas para reclamar ao Ministerio de Transportes que leve a cabo actuacións urxentes para a “rehabilitación, reparación e mellora integral da N6”. O obxectivo da iniciativa é a de impedir que se sigan a producir accidentes neste tramo, eliminando o punto negro das estradas lucenses.

O BNG insta á Xunta a cubrir o servizo de pediatría no municipio

O Bloque Nacionalista Galego traslada ao Parlamento as circunstancias polas que están a pasar as nenas e nenos e as súas familias dos concellos de Guitiriz, Begonte e Rábade pola falta dunha persoa facultativa especialista no servizo de pediatría de atención primaria.

O Sergas deixou sen pediatra os concellos de Guitiriz, Begonte e Rábade ao non cubrir a baixa da persoa titular do servizo. Cómpre lembrar que o servizo de pediatría nestes tres concellos é compartido prestando consulta tres días á semana en Guitiriz e o resto en días alternos entre Begonte e Rábade o que xa evidencia a precariedade da atención e a sobrecarga do servizo, atendido por unha única persoa.

“A nós non serve as escusas do Ser-



gas de que non hai persoal substituíto” declarou a deputada do BNG por Lugo no Parlamento, Olalla Rodil. “Non se poden poñer parches con unha persoa pasando consulta un día á semana pola tarde”. Deste xeito, Rodil sinalou que as crianzas precisan dunha atención especializada

“as nenas e nenos non son pequenos adultos, teñen as súas necesidades específicas por isto teñen a súa especialidade médica”.

Dos 67 concellos que ten a provincia de Lugo temos 53 nos que as familias se vén obrigadas a desprazarse para recibir atención pediátrica.

O festival Entrepontes pecha o cartel para maio

O colectivo Fillos da Chaira de Rábade pechou o cartel do Festival Entrepontes, a segunda edición, que se organiza na vila e que terá lugar o 25 de maio. Será unha cita coa música gratuíta para os asistentes.

A primeira confirmación do festival foi o grupo Lontreira, ao que seguiu o representante do celtic punk Tecor Societario. Outro dos grupos que completan o cartel do Entrepontes será Berta Fránklin, que cautivará coa súa mestura de soul, psicodelia,

new-wave e rock actual.

Rábade tamén será o escenario para a estrea de Catalina Grande Piñón Pequeno en Galicia, onde ofrecerán a súa primeira actuación nun festival da comunidade.

E para a sesión vermú, algo de humor, estarán no Entrepontes The Teta's Van coas súas versións do rock'n roll. Pecha o cartel Marqués de Vilapodre DJ, que fará unha sesión cos mellores temas para que a troula continúe.



A organización preparará este mes que falta máis actividades para completar en festival que naceu o ano pasado con aires de continuidade.

Comezan as obras de mellora en estradas autonómicas de Rábade

Comezaron as obras de mellora do firme na estrada LU-541 ao paso polos concellos de Vilalba, Rábade e Begonte, que suporán un investimento de máis de 145.000 euros.

Estas intervencións, que contribuirán a reforzar a seguridade viaria e a mellorar as prestacións da estrada, desenvolveranse ata o vindeiro día 19 de abril. Os traballos teñen como obxectivo a rehabilitación da capa de rodaxe nesta vía que comunica Rábade (A-6) e Vilalba (N-634).

Para iso acondicionárase o firme con formigón bituminoso nunha superficie aproximada de 12.000,00 m², entre os puntos quilométricos 0 e 17+250 da estrada autonómica, ao paso polos citados termos municipi-



pais. Unha vez finalizadas as obras de rehabilitación do firme, procederáse á reposición das marcas viarias. Para a execución destes traballos habilitáanse carrís alternativos de circulación e sinalización provisional de desvíos, cando é necesario.

A actuación acométese no marco do contrato de conservación ordinaria e vialidade invernal da zona norte de Lugo. De xeito máis concreto, forma parte da planificación da campaña de rehabilitación de firmes prevista para este ano.

PLAN DE FORMACIÓN



O alumnado do obradoiro de emprego Cumes da Terra Chá VII traballa estes días na primeira metade da rúa Coronel Andrade de Rábade realizando as beirarrúas e dotando a vía de servizos. O taller de emprego está formado por 13 alumnos e alumnas, 5 deles do propio concello de Rábade. Durante un ano o alumnado vai adquirir coñecementos teóricos e prácticos en especialidades relativas á construción: operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización e revestimentos con pezas ríxidas por adherencia. Tamén van mellorar espazos públicos dos tres municipios nos que desenvollen o traballo: Rábade, Begonte e Friol.

Presentan o programa de actividades infantís para os meses de verán

No marco do Programa Corresponsabilidade e co obxectivo de favorecer a conciliación das familias, o Goberno local do Concello de Rábade da a coñecer o programa Rapatiando 2024 co que enche de actividades infantís os meses de xuño, xullo e agosto. As actividades contan co financiamento da Xunta de Galicia.

A programación deseñada polo Goberno local dará comezo en xuño cun Campus de Patinaxe, que se vai desenvolver na localidade os días 24, 25, 26, 27 e 28 de xuño en horario de 09:00 a 14:00 horas destinado a nenos e nenas de 4 a 16 anos. O prezo é de 30 euros.

Do 8 ao 12 de xullo será a quenda do Campamento de verán, ao que poden anotarse nenos e nenas de 8 a 12 anos. O seu horario será de 10:00 a 20:00 horas. O prezo é de 40 euros.

Do 1 ao 12 de xullo levarase a cabo o Campamento Urbano para nenos e nenas de 4 a 12 anos en horario de 09:00 a 14:00 horas. O prezo é de 30 euros.

Os luns e mércores do 1 de xullo ao 14 de agosto ponse en marcha a actividade gratuíta ‘Coñecendo o Miño’ para nenos e nenas de 8 a 16 anos en horario de 11:30 a 13:00 horas.

Por último, o alumnado da ESO e 1º de BAC pode participar no Campamento Viveiro que terá



lugar na Mariña Lucense os días 2, 3, 4 e 5 de xullo. O prezo é de 80 euros.

Os prezos das actividades son para os empadroados ou que cursen estudos nos centros educativos de Rábade. Para os demais, cada actividade terá un incremento de dez euros.

INSCRICIÓNS. As inscricións para estas actividades deron comezo o 2 de maio na Área de Cultura e Deporte en horario de 09:00 a 14:00 horas. As prazas son limitadas. Pódese obter máis información no número de teléfono 982 39 62 (EXT.2).

A alcaldesa, Reme González, asegura que esta ampla programación estival pretende “axudar aos pais e nais na conciliación da vida laboral e familiar ao tempo que ofrece propostas moi variadas e interesantes para os nenos e nenas”.

O PSOE pide un plan de ordenación do tráfico

O PSOE denuncia a incapacidade do alcalde do gobernar o Concello ao non levar ningunha iniciativa nin proposta ao Pleno que se celebrará logo de tres meses sen ter sesións. Os socialistas rexistraran dúas mocións que non se tiveron en conta na orde do día, “se cadra non lle convén ao Goberno municipal ou lle dá vergoña ver que a oposición si está traballando pensando nos veciños e veciñas e en mellorar Portomarín, mentres o Alcalde non ten ideas nin ganas de facer”, salienta o seu voceiro, Marcos Arias.

No pleno, agardan que se debatan estes dous asuntos polo vía de urxencia. Por unha banda urxirán ao alcalde que realice un plan de ordenación do tráfico da localidade, que teña en conta un estudio das melloras posibles como calendarios fixos e reais da peonalización, rúas unidireccionais, marcase e sinalización de aparcadoiros e mellorar a regulación das terrazas. Arias apunta que esta medida xa a pediron no mes de xullo e o Goberno local fixo oídos xordos, pero é unha acción urxente porque “se viven situacións de auténtico perigo para os peóns, especialmente os nenos e nenas, para os condutores e para as persoas que están sentadas nas terrazas”.

Acúsan ao rexedor dunha “falta de planificación, iniciativa e traballo”, pero creen necesario “regular o tráfico con rúas dunha soa dirección, peonalización real nos días de maior afluencia, marcase das zonas de estacionamento e clarificar a regulación do uso das terrazas”. Así mesmo, tamén volven pedir que se manteñan os espazos comúns e as

rúas limpas e cun bo mantemento, para “evitar imaxes de total abandono e deterioro do Concello, temos rúas en estado lamentable, con pedras levantadas ou grandes fochancas que ocasionan que os coches rebenten as rodas, iso non pode ser”.

Por outra banda, solicitan previsión de cara ao verán, que é cando se recibe un gran número de visitantes, coa piscina para que non se repitan situacións vividas o ano pasado “cunha xestión nefasta en moitos aspectos, como a insalubridade da piscina coa pasarela de acceso sen rematar e sendo un auténtico perigo ou a falta de oficina de turismo”.

DEPURADORAS. Os socialistas esixen ao Concello que realice de xeito periódico o baleirado e a limpeza das depuradoras existentes para evitar o desbordamento e os malos cheiros. Agora mesmo, relatan os socialistas, a veciñanza de San Fiz e Gonzar quéixanse da falta de mantemento destas instalacións.

O PSdeG tamén lle pide que faga unha mellor planificación do servizo de recollida de lixo, incrementando a frecuencia nos días de maior afluencia e “estando atentos a cando hai festas nas distintas parroquias para evitar imaxes de colectores desbordados como vimos o pasado verán, ou nas festas de Cortapezas recentemente”. A maiores, piden que o Concello vele por unha reciclaxe efectiva dos distintos residuos. Urxen que se poña en marcha un servizo de recollida de servizos voluminosos e propoñen trasladar o punto limpo móbil polas distintas parroquias.

HOMENAXE



O Concello de Portomarín organizou un acto con motivo da xubilación a Don Antonio, párroco da vila desde fai máis de 60 anos. A vila rendeulle homenaxe cunha misa na igrexa de San Xoán e unha comida na Pousada de Portomarín, á que asistiron máis de 200 persoas. Durante a xornada, na que se congregaron un bo número de feligreses, o Goberno local outorgoulle o nomeamento de Fillo Adoptivo

Regresa un ano máis o Portomarín Beerfest para comezar maio

Portomarín volve a brindar con cervexa coa nova edición da Portomarín Beerfest. Un evento que inclúe a mellor selección de cervexas internacionais e nacionais e a presenza dos grandes mestres. A cita regresa á Praza do Camiño os días 3, 4 e 5 de maio e volve a mesturar a mellor gastronomía, música e ambiente para gozar da feira. Grecia e Inglaterra, así como tamén dende Andalucía, Asturias e Cataluña serán algúns dos lugares representados no encontro. Entre as catas confirmadas, encóntrase a impartida por Juan Pablo Ferreiros o sábado 4. Trátase dunha degustación de cervexa de fermen-



tación mixta para descubrir cervexas deste estilo centenario que se elabora tamén en Galicia, concretamente na Fonsagrada. Ademais, polo

momento están confirmados os DJs Mas Music DJs, Santi Mille, Mateo Comunero, Juanosns e Guilherme Zapata.

SAN ISIDRO. Como todos os anos, o vindeiro sábado 11 de maio o Concello de Portomarín organiza a festa do San Isidro, patrón dos gandeiros e agricultores. Ese día convidan a todos os maiores a un xantar de balde e seguidamente haberá unha actuación musical. A misa será ás 13.00 na igrexa de San Nicolás e a comida terá lugar ás 14.00 no pavillón municipal. Para anotarse é preciso chamar ao 682 633 936 ou nos Servizos Sociais.

Protección Civil recolle a diario a nenos con problemas co transporte

Tal e como asegurou o alcalde no Nadal, o Concello atopou unha solución provisional para recoller aos pequenos de transporte escolar que teñen dificultades coas paradas e achegalos ao colexio. Así o explicou o alcalde da localidade, o socialista Lino Rodríguez Ónega, que en numerosas ocasións fixo duras críticas polo “maltrato” do servizo de transporte da Xunta aos escolares do rural.

Así, un coche de Protección Civil recolle aos pequenos sobre as 8.00 horas, con tempo suficiente para chegar ao colexio, na parada de autobús que teñen ao lado da casa, “e na que a Xunta négase a parar, aínda que pasa por aí o autobús todos os días. Os pequenos afectados son tres e teñen entre 7 e 10 anos. Nos dous casos viven ao lado dunha parada pero o sistema imposto pola Xunta para facer uso do transporte escolar, obrígaos a desprazarse un quilómetro, nun dos casos, e uns 800 metros noutro, “co perigo que supón ter que ir pola estrada. A opción que tiñan era ir por unha pista rústica pero no inverno no está en bo estado para transitar”.

Agora mesmo Protección Civil está recollendo a dous pequenos diariamente, na parroquia de Cirio e ata fai pouco facíao tamén con outro en Rioxoán, que durante un tempo os pais non puideron levalo polo nacemento dun irmán, pero agora volveron encargarse eles.

Dous nenos son recollidos nunha zona segura, á altura da Fonte de Rois, onde xa existe unha parada



de bus en perfecto funcionamento, “pero mandan aos nenos lonxe das súas casas a collelo, non ten sentido ningún”, explica o alcalde.

Rodríguez Ónega asegura que a Xunta non arranza o problema e quéixase de “maltrato á veciñanza do rural, facendo máis difícil que as persoas se asenten nas parroquias”.

“Tanto que falan da Galicia baleira e son eles mesmos os que tratan ao rural deste xeito poñendo máis trabas e problemas á veciñanza”, indica Ónega e subliña que “é unha vergoña o trato que nos están a dispensar, deixando claro que é unha mentira a

súa preocupación polo rural xa que non se molestan en preocuparse un mínimo pola situación destas localidades que non teñen outros servizos alternativos”.

O alcalde asegurou que continuará coas súas demandas para que a Xunta estableza un sistema de transporte lóxico. “Temos sobre 15 nenos transportados e están dispersos, creo que hai que adaptarse un pouco ás necesidades do rural, sobre todo cando non implica ningunha modificación de ruta, en especial en casos sensibles como estes, nos que os protagonistas son nenos”.

castroverde

A parcelaria de Riomol mobiliza 494 hectáreas de 1.192 parcelas



A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, acompañada do alcalde de Castroverde, Xosé María Arias, reuniuse cos veciños interesados na parcelaria de Riomol, situada neste concello lucense e que abrangue unha superficie de 494 hectáreas, distribuídas en 1.192 parcelas propiedade de 143 titulares.

A directora xeral informou aos asistentes á xuntanza, celebrada no colexio de Riomol, da contratación dos traballos de obtención dos planos parcelarios, así como da preparación das bases e do plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, correspondentes a este proceso. O orzamento previsto para estes labores sitúase nos 50.000 euros.

Así, a definición do parcelario suporá a correcta concreción carto-

gráfica da totalidade das parcelas, a rede hidrográfica, as construcións, a rede viaria e os elementos topográficos singulares, así como a delimitación do perímetro definitivo da zona de reestruturación. En canto á investigación da propiedade, consiste na recollida dos datos persoais dos propietarios, así como na recompilación da documentación acreditativa do dominio das parcelas a favor de quen as posúa en concepto de donos e a das súas posibles cargas ou gravames.

O obxectivo de todos estes traballos é o de poñer en valor o territorio. Así, a través dos diferentes mecanismos da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia e as reestruturacións parcelarias, a Xunta leva xa mobilizadas en total 35.000 hectáreas en toda a comunidade nos últimos catro anos.

Celebran cun Concurso de Microrrelatos de novo as Letras Galegas

O Concello de Castroverde pon en marcha a cuarta edición do Concurso de Microrrelatos para celebrar as Letras Galegas. O obxectivo deste concurso é fomentar na poboación a achega á escritura en lingua galega así como a súa creatividade.

Nesta convocatoria os microrrelatos terán como temática *Un encontro inesperado* e poderán participar todas as persoas que o desexen a partir dos 12 anos de idade. O prazo de presentación dos microrrelatos será dende o 17

de abril ata o 17 de maio de 2024. O microrrelato deberá remitirse escrito en lingua galega, deberá ser orixinal e inédito, non debe ter recibido previamente ningún premio, nin ser simultaneamente presentado noutros concursos. O envío realizarase por correo electrónico ao enderezo microrrelatos.castroverde@gmail.com O gañador farase cun premio de 400 euros, mentres que o segundo e o terceiro levarán 200 e 100 euros respectivamente, e o que quede en cuarta posición obterá 60.

Poñen en marcha un curso de monitor de tempo libre

O Concello de Castroverde pon en marcha un curso de monitor de tempo libre co que se poderá optar a traballar este verán no campamento do municipio ou en calquera outro. A proposta desenvolverase no colexio as fins de semana do 31 de maio ao 30 de xuño.

Os interesados poden chamar ao teléfono 641 109 716. Trátase dun curso oficial para o que se precisa ser maior de idade e ter o grao de escolar. Conta con 125 horas de formación presencial e outras 75 de formación telemática.

A localidade de Rebordaos prepara as súas patronais

Rebordaos, no concello de Castroverde, prepara as festas na honra a San Xusto que se celebrarán os días 3 e 4 de maio. O programa comeza o venres con festa e verbena con Unión y Fuerza, a disco móbil Coco Musi e o Dj Casanova.

O sábado haberá misa solemne, procesión e sesión vermú co grupo Punto Clave a partir das 13.30 horas. O grupo tamén amenizará a verbena, na que tamén estará a orquestra La Ola.

O Campionato de Tute das Festas do Santiago Apóstolo regresa ao concello

Logo do éxito da edición do ano pasado, regresa o VI Campionato Tute das Festas do Santiago Apóstolo 2024. A cita terá lugar no polideportivo municipal A Ferrería o vindeiro 25 de maio a partir das 17.00 horas. Contarán cos premios de 1000 puntos, 400 puntos e 200 puntos para os tres primeiros e logo na repesca 150 puntos, 100 puntos e 80 puntos para os que ocupen tamén as primeiras posicións.

A inscrición e a cea son 80 puntos por parella e a cea, 15 puntos por persoa. A data límite para participar no campionato, que está organizado pola comisión de festas Castroverde coa colaboración do Concello, é o venres 24 de maio. Os interesados poden solicitar máis información no 690 128 689, no 650 399 904 ou no 661 554 817 ou a través do correo info@festas-castroverde.gal.

guntín



Ángel Pérez é o alcalde máis novo da provincia

Ángel Pérez faise coa Alcaldía do Concello de Guntín tras substituír a María José Gómez, nova conselleira de Medio Rural, e convértese así, aos seus 27 anos, no rexedor máis novo de toda a provincia. O nomeamento fíxose efectivo nun pleno extraordinario nove días despois de que a anterior rexedora tivera que renunciar ao cargo pola incompatibilidade coas súas novas responsabilidades no Goberno de Alfonso Rueda.

Gómez entregoulle o bastón de mando ao novo alcalde que se sinte moi satisfeito aínda que o nomeamento supuxo “unha sorpresa total para min e tamén para María José, se mo contan fai unhas semanas non mo creo”, contaba antes da toma de posesión. No acto, destacou que comeza esta nova etapa con ilusión e con ganas de “traballar por Guntín” apoiado por todo o seu equipo de goberno. As palabras de agradecemento non faltaron na xornada, tanto para a súa familia e amigos como para os que o precederon no cargo, María José Gómez e Jesús Carreira, que tamén o acompañaron.

Tamén aproveitou para subliñar o seu compromiso absoluto para o municipio e a veciñanza. Antes da súa investidura, fíxose efectiva a entrada de María Lamazares Álvarez á corporación municipal, pois

ocupaba o número once da lista do PP. O licenciado en INEF e árbitro de fútbol de 28 anos, natal da parroquia de Santa Cruz da Retorta, leva menos dun ano como membro do equipo de Goberno, pois entrou de número 9 nas pasadas municipais, celebradas en maio, cando o PP se facía con dez dos once concelleiros.

Ángel Pérez foi responsable da concellería de Deportes, cargo que ocupou con dedicación exclusiva. A pesar da súa curta experiencia, estes meses servíronlle para coñecer máis aos veciños e asegura que toma o relevo dos mellores. “Sei que María José me vai axudar. Vivin tanto o seu exemplo de Goberno como de Jesús Carreira que para min son dous exemplos a seguir”. Cursou os seus estudos no CPI Tino Grandío e no IES Lucus Augusti, para logo graduarse en Ciencias da Actividade Física e o Deporte na Coruña. O alcalde, que forma parte das filas populares dende o 2019, ano que se afiliou a Novas Xeracións, é un gran amante do deporte, xa que exerce como árbitro da Real Federación Galega de Fútbol e práctica disciplinas como o pádel. Ademais de facerse cargo da área de Deportes do Concello de Guntín, era un dos monitores habituais dos cursos e actividades organizadas no municipio

O PAI oferta 20 prazas

O Punto de Atención á Infancia (PAI) terá 20 prazas para o vindeiro curso, reservándose un mínimo de 1 praza para as familias en emerxencia social considerados de carácter urgente polos servizos sociais municipais. O prazo de prematrícula para o vindeiro curso pechou o 26 de abril. Porén, o prazo de matrícula segue sendo do 01 ao 15 de xullo. Os que queiran inscribirse no servizo poden recoller os impresos no punto de atención á infancia.

Poden facer uso deste servizo os

nenos que cumpran tres meses na data de ingreso e que non superen os tres anos de idade o 31 de decembro do ano no que se solicita a praza. Con carácter excepcional, sempre que existan prazas dispoñibles, poderán ser usuarios das instalacións ata o momento da incorporación á educación infantil de segundo ciclo. A xornada desenvolverase de luns a venres, agás os días sinalados como festivos no calendario laboral, durante oito horas, xa sexa en xornada partida ou continuada.

DEPORTES

O Club Fluvial completa o medalleiro na Copa de España Sénior e Júnior



Os resultados nas últimas competicións deportivas continúan amosando o gran nivel dos deportistas da cidade.

Os piragüistas do Club Fluvial de Lugo participaron na I Copa de España Sénior e Júnior que tivo lugar en Verducido (Pontevedra), onde quedaron cuartos na clasificación por clubs e lograron un ouro, unha prata e dous bronce.

Deste xeito, Emily Fernández e Aida Fonseca quedaron primeiras en k2 200 júnior e Pelayo Roza e

Cristian Toro lograron o segundo posto en k2 200m. Ademais, Nicolás Martínez e tamén Elena Magurean e Andrea Paraschiv lograron a terceira posición nas modalidades PK3 500 e en c2 júnior 200m

Ademais nas finais B, Emily Fernández quedou primeira en Júnior k1 1000, posición que tamén lograron Pablo Roza, Miguel Rouco, Roi Blanco e Adrián Jubón en k4 1000. Pola súa parte, Alina Saltutan Senior fíxose cun segundo posto en C1 1000.

O Free Dojo conquista 19 medallas no torneo de kickboxing de Luintra

Este 20 de abril celebrouse en Luintra un dos torneos internacionais máis importantes dentro de Kickboxing en Galicia, o torneo Ribeira Sacra de Kickboxing. Nel déronse cita as mellores escolas oficiais de Galicia así como as mellores escolas de España con equipos chegados desde Baleares, Madrid ou Málaga.

Celebrouse contando coas dúas especialidades de Kickboxing en Tami e Ring e todas as modalidades, nas que competiron os deportistas de Free Dojo Lugo, que volveu ser o club da provincia de Lugo con máis medallas e máis representación cun total de 9 deportistas e 19 medallas obtidas.

Os lucenses obtiveron un ouro, 10 pratas e 8 bronce, destacando especialmente a actuación de Gael Liste Abeledo que cos seus 12 anos conseguiu un ouro e dúas pratas en diversas modalidades e David González actual campión galego 2024 de Point Fighting, que se mediu nas dúas finais a Dayron Enrique outro dobre campión galego 2024 de Lixe-



ro e Kick. Neste encontro non puido superar ao seu adversario e conseguiu dúas pratas para o club deportivo

Deste xeito, Carlos Castro e Andrés Oliveirais fixéronse cunha prata cada un. Pedro Jesús Fernández obtivo unha prata e un bronce, igual que Gabriel Fernández. Alejandro Fra conseguiu unha prata e dous bronce, medallas coas que tamén se fixo Brandon Esteven. Marta Calvan tamén triunfou ao levarse 2 bronce na competición.

Piringalla e Santa Comba logran o ascenso a Segunda nos play off

Dous equipos da cidade estreáranse para o ano en Segunda. O Piringalla e o Santa Comba logran o salto de categoría na prórroga tras uns resultados axustados no encontro de ida. O Piringalla, que debutaba esta tempada en Terceira, conseguiu impoñerse ao Castroverde no tempo engadido. A marea laranxa firmaba un 3-0 nas Gándaras co que conseguía a remontada. Pola súa parte, o Santa Comba de Nadelá lograba un 1-3 ao final da volta fronte ao Sober polo que tamén estará en Segunda a próxima tempada.

XUVENIL. O Milagrosa asegurou o liderado na liga regular da Primeira lucense con antelación, ao mesmo



tempo que logrou o ascenso. O club da cidade queda primeiros de categoría con 54 puntos e deixan así sen opcións ao Antas, que asegura o segundo posto.

Despois do seu empate co Palas, o

Residencia B mantense quinto, o último que permite o ascenso á nova categoría. Pero séguelle de preto o Becerreá, ao que deberá enfrontarse no último partido para loitar por ese salto de categoría.

O Emevé logra o título de campión galego en cinco categorías da base

A excelencia no voleibol volve ter selo lucense unha vez máis. A Estrada acolleu as loitadoras do club Emevé, que se proclamaron campioas xuvenís desta tempada ao vencer ao Club Korbis nas semifinais e despois ao Coruña. Ademais, tamén lograron vencer no campionato autonómico na categoría cadete feminina, na júnior e un terceiro posto na infantil. Trátase dunha vitoria á que tamén se sumaron os deportistas, pois situáronse no máis alto na categoría xuvenil ao impoñerse no último encontro ao Volei Dumbría. Xunto con estes resultados, os loitadores fixé-



ronse co campionato galego infantil e quedaron nun segundo posto na categoría júnior. Os gañadores de cada categoría disputarán no mes

de maio os distintos campionatos nacionais por categorías. O infantil masculino terá lugar en Lugo entre o 29 de maio e o 2 de xuño.

Troitas Bravas gaña o penúltimo aberto de billarda da tempada

Por Daniel Rodríguez Saavedra

Xogouse no campo de fútbol do Pichón de Muimenta a penúltima xornada da LNB conferencia NorLeste, o X aberto A Terra non se vende. Fortes e fríos refachos de nordés xogaron coas billarda e mais cos palanadores que tiveron que arrouparse como si de inverno se tratara.

Superouse a marca de palanadores acadando un total de 92. A mellor participación da tempada loitando contra o vento que nos acompañou toda a tarde.

O equipo de Troitas Bravas da Pontenova foi o vencedor seguido de



Billardeiros Musicais de Ribadeo e de Madia Leva de Lugo. O podio absoluto foi para Morás (Madia Leva), Tejero (Billardeiros Musicais) e David Navallo de Troitas Bravas. En donas Geni e Dori (Billardeiros Musicais)

dominaron seguidas de Delia (Billarda Río Miño). Os infantís Diego e Mateu (Madia Leva) non teñen rival, só Alba de Troitas Bravas puxo algo de resistencia sendo terceira.

“Un grupo coma o do Lugokan é complicado que se repita”

Diego Álvarez é o director técnico do club, que conta xa cunhas 150 licencias

Por Lucía Blanco

Comezaron no 2020, en plena pandemia, que supuxo tamén unha ruína para os deportes de loita, pero iso non os freou e o Lugokan xa se posiciona como un club referente do judo na provincia. “Cando arrancamos estivemos adestrando sen contacto e centrándonos na preparación física e na técnica e tiramos para adiante cun grupiño duns 40 rapaces porque antes pertenciamos ao Judo Muralla”. Xunto con seu irmán, Diego Álvarez tiña a necesidade de darlles unha saída como club aos nenos que adestraban nas actividades extraescolares, pero non foi sinxelo.

“Agora temos sobre 150 licencias, pero volver a recuperar todo despois da covid foi complicado porque a maioría fóronse para atletismo e para deportes individuais sen contacto”. Estes dous mozos asumen todo o peso do club, polo que están intentando que os rapaces se formen e tomen os cursos de adestrador para facer máis base. “Levamos as extraescolares do colexio das Gándaras, das Mercedes, temos as clases do club en Lugo, que as damos no ximnasio do colexio das Gándaras e damos tamén no de Nabela e no concello de Becerreá, onde adestramos a pequenos e maiores”.

Moven todas as categorías “desde os tres anos ata veteranos adultos que se uniron ao proxecto, que fixeron judo fai anos e outros que

empezaron de cero”.

Compaxinar a rutina diaria co seu labor no Lugokan non resulta sinxelo, recoñece este graduado en INEF. “Hai que aproveitar moito as horas e, sobre todo ás noites, cando chegamos dos adestramentos, intentamos planificalos. Os que temos no grupo de tecnificación, os infantís e os cadetes, xa comezan a necesitar un pouco de preparación física e técnica e intento levárllela para aforrarlles uns cartos aos pais e que os poidan dedicar ás saídas”.

Precisamente, o hándicap con respecto ao resto de deportes, por exemplo o fútbol sala, é que “compiten aquí na cidade ou preto dela

e as saídas pódese asumir o club, pero nós temos cero patrocinadores e só contamos coas axudas do Concello, Deputación e Xunta”. Pero iso non se nota a nivel de resultados. Nas últimas competicións, lograron 6 medallas no XIX Trofeo de Judo Cidade de Lugo, un bronce no Campionato de España Escolar e un ouro na Copa de España A Infantil de Galicia. Uns recoñecementos que están a amosar o bo traballo, pero que aínda saben a pouco: “Estamos satisfeitos, pero pensamos que temos capacidade para máis”.

COMPÑEIRISMO. De feito, esperan

O club arrasa no Trofeo de Judo Cidade de Lugo

Lugo acolleu o XIX Trofeo de Judo no pavillón municipal, que supón a fase final escolar nas categorías infantil e cadete. Na proba, que serve como referente aos deportistas máis novos de Lugo que practican esta modalidade deportiva, arrasou o club Lugokan que se fixo cun ouro, unha prata e 4 bronzes.

Na categoría infantil do Gran Campionato Galego de Judo Escolar, Paula Trabado resultou gañadora na modalidade -40 Kg e Sorina

Georgiana Neblea acadou o segundo posto en -57 Kg. Pola súa parte, Óscar García e Hugo Rivero quedaron en terceiro lugar nas categorías -46 Kg e Hugo Rivero en -55 Kg. No caso dos cadetes, Lidia Trabado e Adrián García tamén se fixeron co terceiro posto en -48 Kg e -50 Kg. Todos eles, menos Lidia, repiten categoría para a temporada que vén, polo que este resultado aseguran a boa dirección que está a tomar o club.



clasificar dous cadetes no Campionato de España Escolar e teñen un grupo de alevíns que se encontra, a nivel autonómico, entre os mellores. “Temos unha rapaza e un rapaz con claras opcións, se nada se torce, de conseguir unha medalla no Campionato de España para o ano. Levamos uns 16 anos dando clases a nenos e un grupo coma o que temos agora de base, coma os de primeiro ano de infantil e os de dous anos de alevín, é moi complicado que o volvamos repetir no club”, conta.

Polo momento, o obxectivo está máis que claro: “Apoiar esas xeracións e ver ata onde chegamos”. E tamén continuar poñendo en valor e difundindo o judo na comunidade e na provincia, onde se rexistran uns 700 federados e 5 clubs. “Temos moita marxe de mellora porque non somos un deporte de todo recoñecido e a sociedade vincúlao coa agresividade e é todo o contrario. En judo nunca se ven faltas de respecto polo rival, nin desde a grada”. Precisamente, o primeiro que fan

nesta disciplina é traballar a nivel educativo: “Fomentamos o respecto polos compañeiros, polo profesor e polos demais e intentamos que vaian adquirindo hábitos de vida, que sexan capaces de colocar as súas cousas ou que teñan orde”. Deste xeito, pretenden que os valores de compañeirismo vaian implícitos coa práctica. “Cando empezamos as extraescolares e nos chega un neno de 3 anos o máis importante é que aprenda a vestirse só ou que os maiores axuden aos máis pequenos se teñen algunha dificultade”.

Por iso, Diego, que é mestre de educación física, asegura que se trata do mellor deporte tanto “a nivel coordinativo porque é brutal como a nivel valores, xa que ten unha capacidade tremenda”. E recomenda probar. “A nosa experiencia dinos que é moi raro que un neno que probe non se quede porque lle acaba collendo o gusto e porque os pais ven como traballamos e os valores que se aprenden e é o que queremos para os seus fillos”.

Alonso Liste disputa o europeo de automobilismo con motor lucense

O lucense Xosé Alonso Liste participa no Campionato de Europa de Escalada de Montaña os vindeiros 10 e 12 de maio en Arriendas. O piloto disputará os campionatos galego e europeo de automobilismo de montaña a bordo de dous vehículos preparados no Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) As Mercedes.

Un deles é un monopraza de Fórmula 3 desenvolvido integramente no centro e o outro o Ginetta G55 que poñen a punto cada ano neste CIFP. O vehículo de Fórmula 3, un modelo Dallara F3, foi creado por alumnos e profesores do ciclo superior dual de Automoción especializado en vehículos de competición, unha titulación que se estrea este curso en Galicia.

Agora Alonso Liste porao a proba nas subidas a Taboada e A Pontenova, no



marco do rallye galego; así como na subida a Chantada, que forma parte do campionato de España de montaña. O propio alumnado das Mercedes ocúpase ademais de prestar a asistencia técnica durante as competicións.

No caso do Ginetta G55, a evolución

que experimentou nesta ocasión foi unha redución de peso e a incorporación dunha nova liña de escape e un diferencial traseiro. O lucense competirá con este automóbil no Campionato Europeo FIA de carreiras de montaña, que o ano pasado concluíu terceiro na súa categoría.



Iker Marín, campión de Wu Shu en Portugal

O deportista lucense Iker Marín Latas proclamouse Campión na categoría de Quingda senior de menos de 60 kg na VII edición do Torneo Internacional da Maia de Wu Shu, en Portugal. Marín do Gimnasio Olympuss suma así un novo triunfo na súa carreira deportiva, pois vén de gañar a medalla de prata no Campionato de España de Wu Shu

2024.

A torneo portugués, organizado da asociación desportiva Wulin co apoio do Concello de Maia e da Federación Portuguesa de Artes Marciais Chinesas, é unha das citas xa consolidadas para este deporte de contacto completo que deriva das artes marciais chinesas tradicionais.

Volve unha nova edición da Ruta Castrexa

A Asociación Motorista Lucense pon en marcha unha nova edición da Ruta Castrexa, que se celebrará o 11 de maio. A proba, que puntúa para o Campionato de España e de Galicia de Mototurismo, conta cun percorrido inferior aos 350 quilómetros, con punto de saída e chegada en Lugo e cun itinerario por estradas abertas ao tráfico.

A ruta non está definida, só hai os controis de paso. Cada participante poderá escoller a estrada que considere máis apropiada ás súas características de condución. Os puntos de paso daranse a coñecer para que cada participante poida proxectar a súa estratexia. O tempo máximo para realizar o percorrido está calculado sobre unha media inferior ao 50 km/h aproximadamente. O obxectivo é certificar o paso polos diferentes puntos de paso establecidos no percorrido elixido ata acceder ao punto de chegada.

O Lugo Sala e o Sagrado Corazón de fútbol abren as portas dos seus clubs

O Lugo Sala e o Sagrado Corazón volven abrir as portas para que nenos e nenas que non pertencen ás entidades e queiran coñecer e probar a metodoloxía de traballo poidan facelo durante un longo período de tempo e así despois decidir se desexan incorporarse aos clubs para a próxima tempada 2024-2025.

As xornadas de portas abertas arrincarán o luns 6 de maio e prolongaranse ata o mes de xuño cando finalice a presente tempada e os adestramentos. Esta actividade, totalmente gratuíta, é unha boa oportunidade para que todos aqueles rapaces poidan coñecer aos técnicos e adestradores que dirixen a escola, así como aos seus futuros compañeiros, e doutra banda os familiares vexan de primeira man o traballo que se realiza.

Estas xornadas de proba están destinadas para todas as categorías coas que conta o club (biberón, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil), por tanto, para os nados entre os anos 2006 a 2020, contando o club con equipos masculinos, femininos e mixtos.

Como novidade para a próxima tempada 24-25, na categoría biberón (anos de nacemento 2020 e 2019), tanto para os xogadores que renoven a súa praza como para novas altas no club, a cota será totalmente gratuíta.

EN BREVE



TENIS DE MESA. O club deportivo Dez Portas Lugo TM organizou o I Torneo Feminino Afeccionado. A competición celebrada no Pavillón de Frigsa contou coa participación de 18 xogadores con idades entre os 9 e os 59 anos, demostrando que se trata dun deporte máis inclusivo. Finalmente, Ainhoa Núñez Fernández corouse como gran triunfadora. Tamén subiron ao máis alto do podio Xela Penas Goy, que acadou a segunda posición, e – Lucía Ramudo Vélez e Nahir Armesto Pallares, que quedaron terceiras.



KARATE. A Escuela Deportiva Shihan volve amosar o seu gran nivel ao proclamarse mellor club de Galicia encabezando o medallero na 3ª xornada da Liga Galega celebrada en Cedeira. Un total de 38 metais foron para os lucenses, distribuídos en 10 ouro, 6 pratas e 21 bronce. O campionato bateu récords de inscricións, pois chegaron a participar máis de 600 deportistas. Ademais, os deportistas do club Shihan participaron no Campionato de España Infantil de Karate que tivo lugar en Guadalajara. Tras uns encontros de moita calidade técnica e física, Uxía Folgueira acadou un bronce en kata xuvenil.



MARCHA. O equipo español formado por Aldara Meilán, Sofía Santacreu e Griselda Serret arrasou no mundial sub'20 de 10 quilómetros marcha por países celebrado en Turquía. As deportistas subiron ao máis alto do podio que completaron China e Italia. A lucense Aldara Meilán cunha marca de 45:12 foi a primeira en cruzar a liña de meta, seguida por Santacreu e Serret.



CP CASÁS. O equipo cadete do CP Casás proclámase campión galego da categoría. A marea amarela continúa colleitando bos resultados ao chegar tamén ao máis alto na División de Honra Cadete de Galicia. O equipo puido facerse co trofeo no último encontro de Liga contra o Burela (8-2), que quedaba a dous puntos dos lugueses. O partido deixou moi bo sabor de boca para o club que logra facer campións aos cadetes nas dúas categorías.



Entregan as certificacións de técnico a adestradores de baloncesto de Lugo

O vicepresidente da Deputación Efrén Castro e a responsable de Drocer Ana Ónega entregaron as certificacións de Técnico Deportivo en Baloncesto ás catorce adestradoras e adestradores que completaron esta formación nese centro de ensinanzas deportivas. O título -que se asimila a unha formación profesional de grao medio- habilita para adestrar en primeiras divisións de categoría autonómica e en primeira división estatal.

Ademais desta formación, que

ten un primeiro ciclo inicial que tamén completaron 35 alumnas e alumnos, Drocer realiza formación complementaria (I Simposium Basketology, Lugo Basket Pro, Ribadeo Basket Pro e campus de adestradores e xogadores), nos que participaron 100 técnicos e 300 xogadoras e xogadores e que contan coa colaboración da área de Deportes da Vicepresidencia da Deputación de Lugo para o desenvolvemento de diferentes accións formativas ao longo do ano.

Prata e bronce para Emilio Montilla no campionato estatal de Candeleda

Candeleda, ós pés da Serra de Gredos, albergou dúas xornadas cun dobre campionato estatal: o Campionato de España de Subida Vertical e o Campionato de España de Carreira de Montaña. O CD Biosbardo dobrou cita, estando representado por Tamara García na feminina e Emilio Montilla en categoría masculina.

Cun tempo de 53 minutos, Montilla facíase co bronce de categoría nunha proba de 7 quilómetros e 1040 metros de ascensión. O deportista gardou forzas ata o último tramo onde conseguiu distanciarse dos seus perseguidores e afianzar a terceira posición, sendo o mellor galego en meta. Pola súa parte Tamara García facíase cunha meritosa 27ª posición absoluta cun tempo de 1h10' en meta.

Marcado pola fatiga da xornada anterior e cunha xestión de carreira á altura dos grandes atletas, Emilio Montilla tamén se proclamou subcampión de España de Carreira de Montaña en categoría M50. Tras pasar a parte intermedia en 6ª posición, a remontada foi intensa, chegando a tan só 15 segundos da vitoria.

BRONCE. En Caldas de Reis, o club estivo presente no Trail Laxe dos Bo-



los, proba puntuable para o ranking galego de trail running que congregaba a gran parte dos mellores atletas da modalidade cun trazado moi duro de 27 km e 1520 metros de ascenso positivos.

Marcos Pascual facíase co bronce absoluto, ocupando así o terceiro chanzo do podio nunha carreira moi igualada, entrando os primeiros clasificados nunha marxe de escasos 15 segundos o que foi mostra da competitividade amosada

As medallas quedaban na casa, xa que o seu irmán Fran Pascual facíase co subchampionato na categoría Master. Pola súa banda, na proba de El Pendo, onde Adel Mechaal batía o récord do circuíto tamén tiveron mellor marca persoal da man de José Vázquez Mourín.

COLABORACIÓN

Así ...? Mellor dámoslle unha volta

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

A polémica dos últimos tempos ven dada pola instalación da multinacional ALTRI dunha factoría no termo municipal de Palas de Rei. Un complexo que ocupará dúcias de hectáreas e que creará, segundo din, varios centos de postos de traballo directos e moitos outros máis indirectos. Aquí as cifras varían dun día para outro. Non cabe dúbida que un dos debes que nos lastra no interior de Galicia é a falta de industria. Resulta indiscutible este feito. Iso ex-

plica a forte emigración que sufriron as nosas aldeas e parroquias desde os anos sesenta para acá. Unha auténtica desbandada, que trouxo consigo a constante min-gua poboacional e o conseguinte avellentamento que nos caracteriza hoxendía. Nosoutros eramos unha sociedade agraria e gandeira e o campo non podía absorber a cantidade de man de obra existente, unha vez que se foi mecanizando e modernizando. Así, miles dos nosos veciños tomaron camiño cara lugares onde os estaban agardando cos brazos abertos. Euskadi, Cataluña e outros países europeos acolleron os emigrantes galegos en zonas en expansión e onde se podía prosperar. Todos sabemos a historia.

Se a non industrialización dunha boa parte da nosa Terra foi un problema importante, é evidente que deberíamos darlle a benvinda a calquera proxecto empresarial que derive en oportunidades de emprego. En principio si, por suposto. Pero esa "desesperación" non pode significar unha especie de barra libre para que desembarquen iniciativas que, cando menos, resultan moi cuestionables. Nesta columna, un non se atreve a contestar un Si ou un Non ao proxecto que nos ocupa. Estase falando moito, con argumentos a favor e en contra, que un escoita con atención, e aínda así costa posicionarse de forma nítida. Pero o que si podemos –e debemos– é facérmolos cer-

tas preguntas ás que agardamos contestación. Primeiro, como é que unha empresa portuguesa escolle a provincia de Lugo para a instalación desa fábrica. En segundo termo, esta iniciativa quérena levar a cabo, pero se reciben unhas suculentas subvencións da Unión Europea, vía os tan cacarexados Fondos Netx Generation. Son formas de crear emprego inxectando tan suculentas axudas públicas...? E logo, o tema medioambiental. Para producir o que se vai producir, seica se precisan millóns de litros de auga diarios. Home, será por auga. Pero é que parece que volverá de onde saíu tres ou catro graos máis quente. Cal será a consecuencia diso...? As voces de gandeiros, la-

bregos, mariscadores –si, porque o río Ulla acaba no mar– están expoñendo o que iso significaría e se teñen algo de razón, semella inquietante. E para rematar, ese complexo parece que precisará como materia prima o eucalipto. Sen comentarios. A eterna dicotomía progreso-medioambiente, onde o evidente impacto no entorno significa cambios tan considerables que xa nada volve ser igual, está nesta polémica máis viva ca nunca. E un tamén se pregunta en alto se non existirán outros modelos que xeren esa riqueza que levamos décadas anhelando. En resumo, industrialización Si, con maiúsculas. Así...? Mellor dámoslle unha volta.

Absentismo escolar

O PUPITRE



Julio Díaz

O absentismo escolar é un problema que afecta a moitos países, incluído o noso, e refírese á falta de asistencia regular á escola por parte dos estudantes en idade escolar. Pode manifestarse como ausencias esporádicas ou máis prolongadas, e xeralmente considérase un problema cando o alumnado non asiste, de maneira recorrente, ás súas clases sen unha causa que o xustifique. Isto leva a súa falta de participación no proceso de aprendizaxe e un impacto negativo no seu desempeño académico. O absentismo escolar pode ser causado por variedade de factores como problemas de saúde, problemas familiares, falta de interese, acoso escolar, entre outros. Cando un alumno ou alum-

na non asiste ao centro educativo perde a aprendizaxe e a interacción social que acontecen no día a día nas nosas aulas e na súa contorna, o que pode afectar á súa capacidade para ter éxito na escola e na vida. É un problema que afecta a estudantes de todas as idades, niveis socioeconómicos e culturais. As escolas e as administracións traballan xuntas para combater o absentismo escolar proporcionando apoio e recursos aos estudantes e ás súas familias. É moi importante que os estudantes e as súas familias entendan a importancia da asistencia regular aos centros educativos e se comuniquen co centro cando un alumno/a non asista as clases, para poder tomar medidas para abordar o absentismo escolar e traballar xuntos coa comunidade educativa e garantir así que todo o alumnado teña a oportunidade de ter éxito na súa educación e na vida. O absentismo pode ter graves

consecuencias a curto e longo prazo, tanto para os estudantes como para a sociedade en xeral, tendo como consecuencia un baixo rendemento académico ao perderse leccións importantes e a oportunidade de practicar habilidades e conceptos clave, dificultando manterse ao día cos seus estudos e tendo un rendemento académico inferior ao dos seus compañeiros de aula. Tamén afecta ao desenvolvemento emocional e social, a asistencia regular é importante, xa que brinda a oportunidade de interactuar cos seus compañeiros e compañeiras e desenvolver habilidades sociais clave. O absentismo escolar pode facer que se sintan illados e limiten a súa capacidade para formar relacións saudables. Engadir tamén que o absentismo escolar pode dificultar a identificación de problemas de aprendizaxe ou necesidades especiais que o alumnado poida ter. Isto pode atrasar a intervención temperá e afectar negativamente ao

éxito escolar a longo prazo. A prevención do absentismo escolar require un enfoque integral que aborde as posibles causas e promova a participación creativa da comunidade educativa. Tendo en conta estes aspectos é imprescindible identificar e abordar os signos de absentismo desde as primeiras etapas para previr que os problemas se agraven, por iso, unha estratexia eficaz é a intervención temperá. Traballar en colaboración coas familias para identificar e abordar os desafíos que contribúen ao absentismo é unha medida indispensable nestes casos, así como ofrecer recursos e programas de apoio familiar para fortalecer o vínculo escola-fogar. Os programas de orientación e concienciación tamén son estratexia eficaz, así como o proporcionar acceso aos servizos da saúde mental e recursos de apoio emocional, ao tempo que implementamos sistemas efectivos de seguimento da asistencia escolar.



Xa por último trasladar que se deben implementar sistemas efectivos de seguimento da asistencia escolar. Isto axuda a identificar patróns de absentismo e tomar medidas preventivas antes de que se convertan en problemas crónicos.

DE RUTA EN RUTA

Castro de Rei: Ruta polo Castro de Viladonga

Este percorrido pola contorna ten menos de dous quilómetros e é de dificultade baixa, perfecto para realizar en familia

O Castro de Viladonga é un conxunto arqueolóxico e museístico situado no concello de Castro de Rei no que os traballos que deron comezo en 1972 confirmaron un asentamento continuado cunha maior ocupación en entre os séculos II e V. O castro está situado no cumio dun monte dende onde se poden apreciar as serras de Monciro, Pradairo e a de Meira así como unha visión panorámica da Terra Chá.

Para coñecer de xeito máis profundo este conxunto arqueolóxico poderemos realizar unha pequena ruta a través do castro na que descubriremos por completo esta construción de orixe castrexa.

Para dar comezo podemos deixar o coche no aparcamento das instalacións do Castro de Viladonga e dirixirnos ao camiño de acceso ao centro do castro situado no seu lado este. O primeiro que podemos observar é a construción de catro murallas e tres fosos, as murallas foron feitas con pedra e terra e os fosos contan cunha gran profundidade. Un sistema estruturado de forma defensiva na zona este que ten unha menor pendente natural do terreo.



Se continuamos camiñando chegaremos ao punto que dá acceso ao interior da croa a través dun corredor monumental flanqueado por altos paramentos de pedra. Unha vez dentro, xirando á dereita poderemos subir a unha parte da muralla e percorrer un camiño que nos permite ter unha visión global da construción. Dende o alto da muralla podemos apreciar os diferentes tipos de construción que hai dentro do castro como os de planta cadrada ou redonda, de diferentes tamaños ou con acceso a través de escaleira ou a nivel de chan.

Desde o alto da muralla tamén poderemos observar a organización do castro e descubrir os diferentes camiños que xa contaban cunha ordenación espacial que non é casual senón que responde ás necesidades concretas dos habitantes do castro. Estes camiños articulan e ordenan as diferentes construcións creando zonas de vivenda, áreas de uso artesanal ou espazos para almacenaxe.

Baixaremos da muralla no lugar

onde se atoparía a porta oeste que na actualidade está sen escavar. Antes de avanzar ata o interior da croa poderemos visitar o antecastro oeste, un amplo espazo aplanado de forma artificial que serviu como como expansión do castro e puido contar con usos moi diversos.

Desde o antecastro subiremos cara o centro da croa e a man esquerda chegamos a unha construción complexa, unha casa patio onde todas as estruturas teñen muros rectos e que estaban organizadas en torno a un patio pavimentando con lousa. A singularidade deste conxunto vén dado tamén pola gran importancia dos achados que se realizaron da época galaico romana tardía onde apareceu unha gran cantidade de cerámica romana importada, vidros e obxectos de luxo.

Continuando polo interior do castro poderemos descubrir diferentes zonas de construcións como a área nororiental, onde conviven estruturas independentes de planta circular con outras de planta cuadrangular. Nesta zona hai unha construción alargada e



de gran tamaño con case 18 metros de longo e 4 metros de ancho e se ben non está claro o seu uso si parece seguro que se trataba dun espazo de uso social ou comunitario.

Por último visitaremos a área suroccidental onde poderemos observar un conxunto composto por diferentes estancias pegadas que contan cun corredor interno que separa as diferentes partes desta construción.

Unha vez remata a visita polo castro

poderemos volver ao punto de inicio e acceder ao museo onde atoparemos información sobre a historia dos traballos arqueolóxicos, o espazo natural no que se atopa o castro e información sobre a vida e os materiais propios dos antigos habitantes do Castro de Viladonga. Dende este punto de inicio sae tamén unha ruta de dificultade baixa que chega ata o núcleo de poboación de Castro de Rei.

DATOS



1/2 hora



2 quilómetros



Dificultade media

ORTO-K

Corrección de la miopía mientras duermes



TERAPIA VISUAL

Para un mejor rendimiento y una menor fatiga visual



SENA

Mejora del procesamiento auditivo

